



AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

Grao en Ciencia Política e da Administración

Curso Académico: Curso 2019-2020

- [Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
 - Dimensión 1. A xestión do título
 - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
 - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
 - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
 - Dimensión 2. Recursos humanos
 - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
 - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
 - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
 - [Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)
 - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)
- Plan de Melloras
 - Abertas Curso 2019-2020
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - [AM-1](#)
 - Criterio 2 - Información e transparencia
 - [AM-2](#)
 - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
 - [AM-3](#)
 - Criterio 4 - Recursos humanos
 - Criterio 5 - Recursos materiais
 - [AM-4](#)
 - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
 - Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
 - Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
 - Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos
 - Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
 - Directriz 6. Información pública
 - Finalizadas Curso 2019-2020
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - Criterio 2 - Información e transparencia
 - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
 - Criterio 4 - Recursos humanos
 - Criterio 5 - Recursos materiais
 - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
 - Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
 - Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
 - Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos
 - Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
 - Directriz 6. Información pública

<u>1. DATOS DO TÍTULO</u>	
Denominación do título	Grao en Ciencia Política e da Administración
Mencións/Especialidades	-
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	-
Centro responsable	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
Centro/s onde se imparte	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	-
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2008/2009
Data acreditación ex ante (verificación)	28/05/2008
Data renovación acreditación	09/06/2016

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Consideramos que o título mantén a súa relevancia e está actualizado. Tanto o plan de estudos como cada unha das materias que o compoñen, tal como se plasma nas súas guías docentes, adecúanse aos requisitos da disciplina. A vocación multidisciplinar do grao en ciencia política fornece aos graduados dunha gama de competencias de amplo alcance e dunha flexibilidade que lles facilita a integración nunha ampla variedade de profesións tanto no sector público como no sector privado da economía. O informe de inserción laboral dos graduados elaborado polo centro no curso 2016-17 revela que os graduados en ciencia política se insiren no mercado laboral en condicións polo menos semellantes ás dos graduados doutras titulacións de SUG e mesmo a elevada valoración que deles fan as organizacións e empresas nas que traballan. Indicios da actualización e adecuación son os seguintes indicadores que, sintetizando os comentarios correspondentes, mostran a demanda social da formación, coñecementos ou competencias susceptibles de adquisición no grao de ciencia política e da administración:

- 1) Ao longo da serie temporal dos seis últimos cursos, e debido á evolución mostrada polos indicadores nos que se basea esta reflexión, mantívose o número de prazas ofertadas en 125 (indicador IN01G).
- 2) A matrícula de novo ingreso por preinscripción amosa unha relativa volatilidade nunha serie temporal curta (só seis cursos consecutivos, con crecemento en tres deles e descenso noutros tres -indicador IN05G-), aínda que se observa unha moi lixeira tendencia ao decrecemento. Os 120 novos matriculados no primeiro curso (indicador IN04G) supoñen un incremento dun 3.45% (indicador IN05G) respecto dos 116 estudantes matriculados por primeira vez no primeiro curso da titulación no ano académico 2018-2019, e representan o segundo valor máis baixo da serie temporal de seis anos tralo valor do curso anterior. Por segundo curso consecutivo o número de matriculados está por debaixo do número de prazas ofertadas. Tendo en conta a volatilidade da serie, conclúese que o dato reflexa unha capacidade sostida da titulación de captación de novos estudantes.
- 3) Idéntica conclusión é posible inferir da taxa de ocupación (indicador IN12G): o 96.00% é o segundo valor máis baixo da serie temporal (solo superior ao 92.80% do curso 2018-2019) malia crebar a tendencia decrecente que se debuxaba nos cursos académicos anteriores. Con todo, a variación anual dos datos permite concluír que se trata dun valor satisfactorio.
- 4) A matrícula de acceso (indicador IN03G) contribúe a manter a mesma interpretación: a tendencia aparentemente decrecente do número de estudantes que se matriculan por primeira vez na titulación ao longo dos seis últimos cursos non resulta sorprendente nunha serie coa

mesma característica de volatilidade relativa que se revela nas series de valores de indicadores anteriormente comentados, aínda que non se pode obviar que os 121 estudantes matriculados representan o valor máis baixo da serie temporal, malia superar os 118 do curso 2018-2019.

- 5) A relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (indicador IN10G) apunta na mesma dirección de volatilidade e apenas discernible descenso. O 76.00% representa un notable ascenso respecto do 70.40% alcanzado no curso 2018-2019, e supón a recuperación de case a metade da considerable redución (próxima aos 13 puntos porcentuais) respecto do 83.20% dos matriculados por primeira vez que elixe a titulación como primeira opción no curso 2017-2018. Ademais, a pesar da tendencia descendente dos valores do indicador, o 76% de curso 2019-2020 é idéntico ao do curso 2014-2015.
- 6) A tendencia ao incremento do número total de matriculados na titulación (indicador IN02G), entre os cursos 2014-2015 e 2016-2017 invértese entre os cursos 2016-2017 e o curso 2019-2020, marcados por tres descensos consecutivos; dos 502 estudantes do curso 2016-2017 pásase a un total que 496 no curso 2017-2018, a 484 no 2018-2019 e a 467 no curso 2019-2020, que é o valor máis baixo da serie temporal dos seis últimos cursos académicos.

Non obstante, cómpre non perder de vista algúns resultados menos satisfactorios, que obrigan a reflexionar sobre accións que permitan deter ou revertir aparentes tendencias negativas, como as que parecen revelar unha serie de indicadores:

- 1) Aínda que non sexan completamente satisfactorios, os resultados de captación de alumnos non galegos (do resto de España e estranxeiros) non amosan tendencias de severo empeoramento, dado que se repiten curso a curso valores baixos e mesmo se debuxa una tendencia moi tenuemente crecente. O 2.57% de estudantes españois de fora de Galicia sobre matriculados (indicador IN09G) é apenas inferior ao 2.69% do curso 2018-2019, e é a segunda porcentaxe máis alta da serie dos seis últimos cursos, por detrás da porcentaxe do curso 2018-2019. A porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (indicador IN08G), 1.50%, lixeiramente inferior ao 1.86% do curso 2018-2019, é a terceira máis alta da serie temporal. Non obstante, os valores dos dous indicadores son relativamente baixos.
- 2) 449 dos 467 estudantes matriculados (96.15%) proceden de Galicia. A porcentaxe restante distribúese entre estudantes de Brasil (un estudante), China (1), Ecuador (1), Luxemburgo (1), Venezuela (1), Aragón (1), Asturias (1), Canarias (4), Castilla y León (2), Castilla-La Mancha (2), Cataluña (1) Navarra (1) e Comunidad Valenciana (1) (INF 16).

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

Antes de expor exhaustivamente os comentarios baseados nas evidencias e indicadores subministrados por Calidade, cómpre referir as modificacións que se tiveron que introducir no desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación debido ás consecuencias da COVID-19. As modificacións pertinentes reflexáronse nas Guías Docentes das materias, revisadas polo Coordinador do Grao, quen tamén tivo que elaborar un “Informe da Coordinación do Grao en Ciencia Política e da Administración sobre seguimento da docencia non presencial” remitido o 14 de abril de 2020 ás Direccións dos Departamentos con profesorado con docencia no título e ao Decanato do centro para a súa revisión e posterior remisión ás Vicerreitorías de Profesorado, Titulacións e Ordenación Académica. Neste informe, baseado nas respostas dos docentes de todas as materias a un cuestionario enviado dende as Vicerreitorías de Profesorado, Titulacións e Ordenación Académica móstranse resultados relativos á adaptación do profesorado á docencia virtual como os seguintes:

- 1) En 23, 22 e 21 das materias do segundo cuadrimestre úsanse recursos virtuais para, respectivamente, manter o contacto co estudiantado, subministrar materiais e actividades ao estudiantado e realizar titorías virtuais. Nas primeiras semanas de docencia virtual (ca Semana Santa por medio), con pouco tempo para terse familiarizado coas exixencias da nova modalidade de actividade docente, tales actividades realizábanse predominantemente mediante o campus virtual e o correo electrónico, e en poucas materias se usaba Teams (en tres para manterse en contacto, en cinco para subministrar materiais e actividades, e en sete para titorías).
- 2) As modificacións das guías docentes das materias afectan a varios puntos de xeito desigual: modifícase a metodoloxía en 20 materias, a planificación en 12, a bibliografía básica en seis, o contido en cinco, as observacións en dúas e a avaliación en unha.
- 3) A avaliación das materias foi, coa excepción de dous delas, nas que as probas foron presenciais, telemática, síncrona nuns casos e asíncrona noutros.

Nun informe confeccionado polo coordinador do grao sobre o desenvolvemento da docencia virtual baseado nunha enquisa deseñada polo equipo de coordinación e o equipo decanal, cerrada a 14 de Abril de 2020 e respondida por 174 de entre 511 estudantes (taxa de resposta de 34.05%), as respostas do alumnado aportan información adicional, desde o seu punto de vista, das modificacións emprendidas polo profesorado:

- 1) Confírmase que predomina o correo electrónico (64.94% de respostas) como medio de comunicación mais usado, seguido dos foros ou chats (25.29%), probablemente do campus virtual e, moi lonxe (apoiando os resultados da enquisa ao profesorado), a videochamada (8.05%).
- 2) Só un 12.07% das respostas declaran que poucas ou ningunha das consultas do alumnado ao profesorado se responden satisfactoriamente.
- 3) Segundo o 51.15% das respostas, as consultas foron respondidas no mesmo día ou o día seguinte da súa formulación.
- 4) Os materiais subministrados polo profesorado son textos en pdf ou noutros formatos (93.68% das respostas), vídeos elaborados polo profesorado con exposición de materia (59.77%), enlaces a vídeos con contido da materia (51.15%), probas de auto-avaliación (50.00%), enlaces a fontes de datos (25.29%), enlaces a manuais con contidos da materia (23.56%) e solucións a preguntas das probas de auto-avaliación (21.84%).
- 5) As respostas do alumnado coinciden en gran medida coas que dan os profesores respecto dos cambios introducidos nas guías docentes das materias: os materiais para transmitir os contidos (61.49%), a planificación do ensino (50.57%), as actividades nas que basear a avaliación (40.80%), os prazos de entrega de traballos (32.76%), os criterios de avaliación (29.89%), os contidos (24.14%) e a bibliografía básica (6.32%).

Finalmente, subiuse a nota máxima para a defensa do TFG ante titor de 7 a 8.5.

De acordo coas evidencias e indicadores subministrados por Calidade, pode afirmarse que as actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación

desenvólvense de acordo co establecido na memoria e permite a consecución de competencias, como mostran os datos seguintes.

- 1) A valoración que fan os estudantes das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación na enquisa sobre docencia recibida no primeiro cuatrimestre (INF 13_1S) é satisfactoria. Todos os ítems puntúan con valores incluídos no rango de 3.30 e 4.00, aínda que ningunha puntuación acadou ou supera o valor de 4.00. As reducións de maior magnitude só alcanzan as 43 e as 41 centésimas e atinxen aos ítems “A axuda recibida nas titorías foime de utilidade” e “Os/As alumnos/as sabemos de antemán cales van ser os criterios que utiliza o/a docente para a corrección de exames e/ou traballos”. A valoración global se reduce en 25 centésimas respecto ao curso 2018-2019, aproximadamente o mesmo nivel de redución que experimentan as puntuacións de boa parte dos ítems. Non obstante, e como en Informes precedentes, a Comisión insta á comunidade académica do Centro a procurar mellores niveis de satisfacción, especialmente suxerindo unha maior comunicación entre representantes do alumnado e coordinadores de curso e de título. Tendo en conta a modificación das circunstancias da actividade docente ao longo do segundo cuatrimestre (INF 13_2S) debido á situación sanitaria, tamén a valoración do segundo cuatrimestre é satisfactoria. Respecto dos ítems que se repiten entre cuatrimestres, aínda que se detectan leves descenso de puntuacións (“O/A docente organiza ben as clases e explica con claridade facilitando a comprensión da materia” pasa de 3.63 a 3.50; “O/A docente motivou a participación crítica e activa do alumnado no desenvolvemento da clase” pasa de 3.53 a 3.47; “Os materiais subministrados (presentacións, artigos, etc) fóronme de axuda na preparación da materia” pasa de 3.50 a 3.44; “O/A docente mellorou o meu nivel de partida en relación á materia” pasa de 3.53 a 3.38; “Globalmente estou satisfeito co/coa profesor/a da materia” pasa de 3.56 a 3.38 -o maior descenso de puntuación-), tamén se producen ascensos na valoración (“Os recursos didácticos empregados reforzan a comprensión da materia” pasa de 3.46 a 3.55; “Os contidos desenvólvense de acordo co cronograma temporal da materia” pasa de 3.63 a 3.75). Finalmente, a valoración global só se reduce en 8 centésimas entre cuatrimestres, pasando de 3.57 a 3.49.

Non obstante, reproducése no curso 2019-2020, mediante distintas vías de comunicación entre o alumnado e os equipos decanal e de coordinación, una petición cuxa satisfacción non depende do centro, senon da acción das unidades administrativas do goberno da USC, ás que este centro ten trasladado curso tras curso a reclamación do alumnado sen recibir resposta satisfactoria. O alumnado de varias materias da titulación, especialmente de cuarto curso, informa curso tras curso de que o número de profesores nesas materias excede do razoable e afecta intensamente á calidade da docencia, posto que non hai coordinación entre profesores, crébase a continuidade dos contidos do programa, non se pode planificar o traballo semana a semana ante a incerteza sobre o contido que se vai impartir e sobre o docente responsable de facelo, e no se teñen claros os criterios de avaliación nin o peso da materia impartida por cada un dos múltiples docentes na avaliación final. Xa que logo, a Comisión reitera a reclamación de que se faga cumprir o Art. 25 do *Regulamento de Planificación Académica* vixente (Consello de Goberno, 24 de xullo de 2020), que establece no seus punto 7:

"7- Nas materias de grao tenderase a que sexa un único profesor/a quen as imparta de xeito integral. Cando isto non resulte factible, procurarase que o número de profesores/as que interveña na docencia sexa o menor posible. A tal fin **recoméndase que para as materias de 4,5 ECTS o número máximo de profesores sexa un, e no caso de materias con máis destes créditos o seu número non sexa superior a dous**".

- 2) Non só os estudantes parecen expresar niveis altos de satisfacción coas actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación (INF 14). Mellor

aínda é a valoración do PDI, que valora con máis de 3 puntos todos os ítems e con máis de 4 dez. Destaca a súa valoración positiva (4 puntos ou máis) dos ítems de autovaloración: trato correcto dos estudantes (4.91), accesibilidade para os estudantes (4.91), información dos criterios de avaliación (4.82) e estruturación das propias clases (4.73). A valoración xeral da propia actividade docente (4.55) e a puntuación global (4.02) amosan un grao alto de satisfacción dos docentes do título. Ademais, o profesorado parece proxectar, con ou sen evidencias favorables, sistemáticas ou non, a súa autovaloración na valoración que lle merece ao alumnado: “Penso que, en xeral, o meu alumnado está satisfeito co meu labor como docente” recibe unha puntuación de 4.09. Tamén se declara unha boa disposición a formarse: o interese en recibir formación de apoio para a mellora da docencia (novos recursos docentes, novas tecnoloxías aplicadas á docencia, etc.) recibe unha puntuación de 4.23. Son menores as puntuacións relativas ao alumnado: satisfacción global co traballo realizado polo alumnado nas clases (3.73), participación crítica e activamente no desenvolvemento das clases (3.55) e suficiencia do nivel co que chega o alumnado (coñecementos e habilidades) para afrontarse aos contidos da materia (3.41). Igualmente, son menores as puntuacións relativas a recursos de apoio á docencia e coordinación entre materia ou niveis: 3.64 e 3.37, respectivamente. Respecto aos ítems específicos da docencia virtual durante o segundo cuadrimestre, só supera os 4 puntos o mantemento dunha comunicación axeitada co estudantado (correo electrónico, Campus Virtual, Teams, etc...) [4.55]; valorándose en gran medida (3.90) a experiencia previa no uso das tecnoloxías para a docencia e avaliación en remoto, e bastante menos a satisfacción co desenvolvemento da docencia non presencial posta en marcha tras a declaración do estado de alarma derivada da crise sanitaria (3.09), coas ferramentas, instrumentos e canais postos á disposición do profesorado para desenvolver a docencia na situación imprevista derivada da crise sanitaria (3.23) e co desenvolvemento da avaliación non presencial posta en marcha tras a declaración do estado de alarma derivada da crise sanitaria (3.32). Aínda que se consideran satisfactorias estas puntuacións, unha estimación discrepante implicaría a necesidade de tomar medidas de mellora por parte de USC, dado que nestes ámbitos a capacidade de acción da Facultade é limitada e depende dos órganos de goberno e administrativos da USC.

- 3) En cambio, a valoración da planificación e desenvolvemento das ensinanzas son moi baixas nas enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación (INF 22), tanto no relativo á atención ao alumnado como no relativo aos aspectos formativos. Cómpre sinalar a inutilidade deste informe de enquisas, dado que responde un 5.98% da poboación. No conxunto dos 14 ítems, só a idoneidade do calendario de probas de avaliación e a valoración dos trámites de matriculación superan o 3 de puntuación, con 3.11 e 3.50, respectivamente. Exceptuando a valoración da orientación profesional e laboral recibida no centro, puntuada con 2.22, os demais ítems reciben puntuacións entre 2.50 e 2.94, cunha valoración global de 2.77. Dada a ampla marxe de mellora que suxire este conxunto de puntuacións, a Comisión insta á comunidade académica do Centro a procurar mellores niveles de satisfacción.
- 4) Nas enquisas de satisfacción do profesorado coa titulación (INF 23), os resultados son moi satisfactorios, posto que todos os ítems reciben puntuacións iguais ou superiores a 3 (excepto a implicación dos estudantes na titulación) e cinco ítems igualan ou superan a puntuación de 4: información sobre a titulación, atención prestada polo persoal de administración e servizos (con un altísimo 4.70), facilitación do labor docente co campus virtual, horarios e calendario de probas de avaliación. Tanto a satisfacción xeral expresada (3.64) como a valoración global (3.67) reflexan sen desviacións notables a tendencia de puntuación dos restantes ítems.
- 5) No curso 2019-2020 persiste un dos problemas non resoltos dun sistema que aspira á avaliación continua dos resultados das actividades formativas e que non compete aos responsables nin do centro nin do título solucionar: a moi elevada ratio de estudantes por

profesor, en especial nas clases interactivas, que non se poden desenvolver máis que de xeito moi limitadamente “interactivo”, aínda que continúa a tendencia á mellora da situación curso a curso.

- A. O indicador IN55G, mostra a media de estudantes matriculados por grupo de teoría de formación básica ou obrigatoria. O 62.82 do Grao é lixeiramente inferior ao 65.06 do curso pasado e inferior tanto á media na área de ciencias xurídicas e sociais (69.34) como á media da USC (65.79), valores estes tamén inferiores aos do curso pasado. O indicador IN56G mostra unha situación distintas nas materias optativas, porque o número alumnos por grupo (38.88) é superior ao número medio na área de ciencias xurídicas e sociais (35.26) e moi superior ao número medio na USC (29.18), tendo en conta que os tres valores son inferiores aos do curso 2018-2019.
- B. O dato da media de alumnos por grupo de docencia interactiva (IN32G), 27.01, supón unha lixeira redución respecto do 28.69 do curso 2018-2019 e é o valor máis baixo da serie temporal. O valor do indicador para os grupos de seminario, con 27.24 (por debaixo do 29.14 do curso pasado), é o máis baixo da serie temporal, e para os grupos de laboratorio aumentan case imperceptiblemente desde o 24.87 do curso 2018-2019 ao 25.04 do curso 2019-2020. Polo tanto, aínda que sería desexable unha redución maior, que facilitara a interactividade, a tendencia ao descenso das puntuacións do indicador nos últimos cursos valórase positivamente.

En ausencia de información actualizada para o curso 2019-2020, mantense o comentario sobre o desenvolvemento do programa de prácticas baseado nas evidencias e indicadores do curso 2018-2019. Sendo, en xeral, satisfactorias as valoracións do desenvolvemento do programa de prácticas externas, as diferencias respecto ás valoracións medias da USC e o estancamento e mesmo redución dalgunhas puntuacións nos últimos cursos suxiren a necesidade de estudar as causas dos descensos de puntuación e adoptar medidas correctoras.

- 1) No que atinxe á satisfacción dos estudantes coas prácticas externas (INF 06), sete das valoracións que reflicte a enquisa son iguais ou superiores a 3.5, oito a 3, e só unha é inferior a 3: a claridade de relación das actividades desenvolvidas coa formación da carreira, cunha puntuación de 2.88, moito máis alta do esperable, dado que, por unha banda, a formación universitaria, sobre todo en ciencias sociais, non ten que transmitir ese tipo de habilidades nin suplir un deficiente sistema de formación profesional e, por outra banda, os docentes universitarios non teñen a formación necesaria para facelo, dado que a súa actividade profesional nada ten que ver coas actividades desenvolvidas nas prácticas polos estudantes. O desaxuste entre formación académica e prácticas é sistémico. Só o ítem adecuación da “atención recibida por parte do/a titor/ra profesional e do persoal da empresa/institución” supera o 4.
- 2) Aínda que, en termos absolutos, as valoracións de satisfacción dos sete títulos externos de prácticas (INF 07) que responden (31.82% de taxa de resposta) son aceptables, cómpre ter presente que en todos os ítems obtense unha valoración inferior á da media da USC, con valores mínimo de 3.43 (formación inicial do alumnado e grao de integración do alumnado no medio de traballo) e máximo de 3.86 (cumprimento por parte do alumnado das actividades asignadas e grao de satisfacción xeral). A diferenza respecto da media global da USC é especialmente preocupante no ítem integración do alumnado no medio de traballo, porque ascende a case un punto (3.43 fronte a 4.42); a diferenza de puntuacións tamén é moi notable nese ítem si se compara a do presente curso coa do anterior, pois obsérvase unha redución de 0.82 puntos (4.25 fronte a 3.43). Redúcense máis do desexable as puntuacións doutros dous

ítems (os que no curso 2018-2019 acadan os valores máis altos) respecto das obtidas no curso 2107-2018: o grado de cumprimento polo alumnado (baixa de 4.50 a 3.86) e a satisfacción xeral (baixa de 4.33 a 3.86). Nos outros tres ítems, as puntuacións ascenden: moi lixeiramente para dous e notablemente para a satisfacción xeral coa comunicación e coordinación cós responsables académicos, que pasa de 3.17 a 3.71. A pesar diso, non se reduce moito a distancia das puntuacións do grao respecto ás puntuacións medias de USC, porque estas son superiores que as do curso anterior para todos os ítems. Pese a todo, a Comisión considera susceptible de mellora o grao de satisfacción xeral coa práctica realizada polo alumnado manifestado polos titores/as externos, así como a media de satisfacción, que se reduce de 3.86 no curso 2017-2018 a 3.64 no curso 2018-2019, o valor máis baixo da serie temporal dos catro últimos cursos.

- 3) En tres dos cinco ítems da enquisa de satisfacción dos titores/as académicos/as coas prácticas externas (INF 08), as puntuacións do profesorado son máis baixas que as medias da USC; as excepcións son a satisfacción coa comunicación e coordinación coas empresas/institucións ou entidades de prácticas e a satisfacción xeral co desenvolvemento do programa de prácticas externas (información, xestión, coordinación, adecuación,...) coas que se colaborou. Neste último ítem, a puntuación é próxima ao máximo, pero non se alcanza este, que se tiña alcanzado nos tres cursos académicos anteriores. A puntuación de 4.20 que alcanza a satisfacción xeral cos programas de prácticas externas por parte dos titores académicos supón a terceira redución consecutiva, e aconsella valorar a necesidade de modificar aspectos do programa de prácticas (como a súa duración ou a súa obrigatoriedade) a fin de mellorar o seu funcionamento e os niveis de satisfacción dos colectivos implicados no seu desenvolvemento.

Os datos relacionados cos programas de mobilidade suxiren que é necesario deseñar e executar accións que permitan unha mellora substancial.

- 1) A participación de estudantes da titulación en programas de mobilidade sobre o total de matriculados, medido polo IN17G, non está actualizado (o último punto temporal de observación é o curso 2017-2018, cunha porcentaxe de 5.04, o segundo mais alto da serie temporal). A situación sanitaria vivida durante o segundo cuadrimestre do curso contribuíu a unha redución moi intensa da mobilidade saínte. Só 12 estudantes (fronte a 26 no curso anterior) participan nos programas (9 Erasmus -5 deles con destino en Polonia- e 3 Sicue). O descenso impactou especialmente no programa Erasmus, que pasa de ter 20 a ter 9 participantes, mentres que o número de estudantes Sicue redúcese de 5 a 3 (INF 03).
- 2) O total de estudantes de mobilidade entrante (INF 03) tamén descende debido ás restricións á mobilidade internacional derivadas da pandemia de COVID-19: fronte a 45 estudantes de mobilidade entrante do curso 2018-19, só 28 estudantes participan nos programas no curso 2019-2020. A distribución por programas é a seguinte: Erasmus, 15, nove menos que no curso 2018-19; Sicue, 3, dous menos que no curso 2018-19; e convenios bilaterais con outras universidades (latinoamericanas, coa excepción dun estudante procedente de Xapón e doutro procedente da República de Corea), 10, seis menos que no curso 2018-19. A porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados (indicador IN18G) rexistra un valor de 6.85%, moi inferior ao 9.30% do curso anterior. Dadas as circunstancias do curso 2019-2020, non é razoable extraer conclusións sobre a capacidade de atracción de estudantes de fóra polo título de Ciencia Política e da Administración, malia insistir na conveniencia de fomentar o incremento do intercambio de estudantes con outras universidades mediante os instrumentos (convenios...) necesarios.

3) Neste punto e nos dous seguintes, mantense o comentario baseado nas evidencias e indicadores do curso 2018-2019. Dispoñer de tres respostas (taxa de resposta de 13.04%) sobre a satisfacción dos estudantes saíntes cós programas de mobilidade (INF 04 e IN15G) non permite extraer conclusións que non sexan inxustificadamente aventuradas respecto ao descenso de seis décimas (de 3.73 a 3.67) respecto ao curso anterior, pois podería estar influído por múltiples factores idiosincrásicos de carácter tanto persoal como organizativo-institucional. En canto á preparación do programa, os tres estudantes aducen como motivo a procura dunha experiencia distinta, e só uno a oferta académica. Os tres financian a estancia combinando como fontes a beca, a familia e os aforros propios. Tamén os tres alóxanse en residencia universitaria. Os tres cren que debe mellorarse a axuda económica, dúas as iniciativas de acollida e outros tantos o acordo de estudos.

4) Respecto á valoración do programa polos estudantes saíntes, os resultados son os que seguen:

1. Información e recursos previos

A valoración da orientación recibida por parte do coordinador de mobilidade na USC alcanza o máximo valor da serie (3.33), igualado coa valoración media na USC por primeira vez. En cambio, a valoración da información previa obtida mediante o Servizo de Relacións Exteriores da USC (2.67) é o valor máis baixo da serie, por baixo da puntuación media na USC (3.39). A información previa recibida doutras fontes ou sobre outros temas recibe puntuacións inferiores ás da media da USC: 3.00 fronte a 3.18 (web da USC); 3.00 fronte a 3.46 (web da universidade de destino); e 2.33 fronte a 2.92 (sobre validacións). As xornadas de acollida na universidade de destino valóranse máis que a media da USC (4.00 fronte a 3.83), mentres que se valoran menos que a media a atención, recepción e acollida pola universidade de destino (4.00 fronte a 4.12).

2. Formación idiomática

Valórase máis a utilidade do curso do idioma local realizado na universidade de acollida (2.67) que a preparación lingüística proporcionada pola USC (2.00), aínda que en ambos casos a puntuación é inferior á da media da USC (2.86 e 2.92, respectivamente, inverténdose así a ordenación dos obxectos de valoración).

3. Experiencia formativa e persoal na universidade de destino

A valoración das infraestruturas e material dispoñibles na universidade de acollida valóranse menos que a media da USC (4.00 fronte a 4.11), alcanzando, ademais, o valor máis baixo da serie. A calidade do profesorado da universidade de destino recibe unha puntuación inferior á da media da USC (3.33 fronte a 4.04). En cambio, supérase a puntuación media da USC respecto ao grado de integración polos compañeiros (4.33 fronte a 4.22). O grado de satisfacción coa formación recibida obtén a segunda puntuación máis baixa de toda a serie, e é inferior á puntuación media da USC (3.33 fronte a 3.94).

4. Aspectos prácticos

As posibilidades de validación das materias cursadas na universidade de destino reciben unha valoración semellante á outorgada pola media dos estudantes saíntes da USC (4.00 fronte a 3.98), mentres que recibe unha valoración inferior a axuda aos gastos supostos pola beca ou a axuda económica recibida durante a estancia (2.00 fronte a 2.72).

5. Valoración global da experiencia

O nivel de satisfacción co programa de mobilidade e coa experiencia vivida obtén a puntuación máis alta posible por segundo curso consecutivo, superando á puntuación media da USC (5.00

fronte a 4.58).

Respecto da información que os estudantes reciben previamente á súa participación, a Comisión resalta que se organizan reunións informativas, pero que a asistencia do alumnado é escasa, multiplicando o esforzo que os coordinadores do Centro e o responsable da unidade de xestión deben facer posteriormente para informar individualmente aos alumnos/as. Non obstante, suxírese mellorar a información fornecida ao alumnado intensificando os contactos coas universidades de acollida así como a clarificación, previa á saída, do sistema de recoñecemento a aplicar. A Comisión suxire enviar solicitude á USC dunha táboa de equivalencias actualizada.

- 5) No que atinxe á satisfacción dos estudantes entrantes (INF 05), é moi satisfactoria a elevada porcentaxe de estudantes que recomendaría a experiencia (100%), que supera tanto a porcentaxe do curso anterior como a porcentaxe da USC. O grao de satisfacción xeral có programa de mobilidade (4.5) é lixeiramente máis alto entre os estudantes entrantes no centro que entre os entrantes na USC en xeral, e superior en dúas centésimas á puntuación do curso anterior.

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Boa parte do traballo de coordinación do segundo cuadrimestre do curso veuse afectado polo confinamento imposto como resposta á situación sanitaria derivada do COVID-19. En pouco tempo, o profesorado implicado en tarefas de coordinación soubo adaptarse ao uso das plataformas de software necesarias (MS Temas, sobre todo) para desempeñar con bastante eficacia o seu traballo de coordinación, someténdose ao Protocolo para o uso de medios electrónicos nas reunións de órganos colexiados da USC [publicado o 28 de abril de 2020].

Os mecanismos de coordinación docente estrutúranse de xeito similar aos sistemas doutras facultades. A natureza mesma das posicións ocupadas polos profesores no sistema xera dificultades non sempre fáciles de resolver, dado que as accións de mellora dependen da vontade de actores moi celosos da súa liberdade de cátedra e os coordinadores carecen de capacidades de decisión, xestión, control e sanción, debido a que non existe ningún soporte xurídico nin probablemente apoio institucional algún por parte do goberno da USC no caso de que se produciran conflitos ou tensións derivadas da disposición dos coordinadores a exercer rigorosamente as supostas responsabilidades que se lles atribúen, que teñen que supoñer cales son. Non obstante, tanto o sistema de coordinadores de curso e de prácticas externas como as comisións delegadas da Xunta de Facultade permiten detectar e tratar de corrixir os baleiros e duplicidades. Así se pode inferir, ademais, da valoración tanto dos estudantes como dos profesores e títolos académicos e externos de prácticas:

- 1) Os profesores consideran que a coordinación é bastante eficaz (INF 14): valoran con 3.27 a adecuación da coordinación entre materias e niveis do título, lixeiramente menos que no curso anterior, no que puntuaban a coordinación con 3.72.

- 2) De acordo coas evidencias e indicadores do curso 2018-2019 (a falta de actualización para o curso 2019-2020), poden tomarse como indicadores do bo funcionamento dos mecanismos de coordinación das prácticas externas a valoración polos estudantes participantes (INF 06) tanto da adecuación da atención recibida por parte do/a titor/a profesional e do persoal da empresa/institución (4.63, superior ao 4.11 do curso anterior) como da adecuación da información, orientación e atención prestada por parte do/a titor/a académico da Universidade (3.75, tamén superior ao 3.72 do curso anterior). Tamén indica ese bo funcionamento a puntuación de 3.75 recibida polo ítem “A información previa recibida do procedemento das prácticas foi axeitada (requisitos, prazas ofertadas, horarios, etc.)”. Aínda así, indica deficiencias da coordinación e ineficacia relativa do programa o 2.88 co que se puntúa a claridade da relación das actividades desenvolvidas coa formación da carreira.
- 3) De acordo coas evidencias e indicadores do curso 2018-2019 (a falta de actualización para o curso 2019-2020), os titores externos de prácticas expresan un grao de satisfacción xeral relativo á comunicación e coordinación cos/coas responsables académicos/as do título relativamente alto (3.71, superior ao 3.17 do curso anterior e o valor máis alto da serie), aínda que por debaixo da media para a USC (INF 07).

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os criterios de admisión, en xeral, facilitan o ingreso de estudantes co perfil axeitado, aínda cando se revela curso a curso un problema relativamente grave: a percepción xeneralizada da carreira como unha titulación (no mellor dos casos) de “letras” ou de “humanidades” atrae a unha proporción demasiado numerosa de estudantes carentes de formación matemática elemental para afrontar con éxito boa parte das materias que dan sentido á carreira, como todas as materias de contido metodolóxico e estatístico.

A primeira faceta do perfil de ingreso que hai que considerar é o nivel académico pre-universitario dos estudantes. Os tres indicadores manexados rexistran valores aceptables:

- 1) Os sucesivos incrementos da nota media de acceso por preinscrición (indicador IN06G) dende 6.75 no curso 2014-2015 a 8.10 no curso 2017-2018 producen unha tendencia moderadamente alcista que se rompe nos cursos 2018-2019 e 2019-2020, acadándose unha puntuación novamente inferior a 8 (7.98 e 7.91, respectivamente), indicando unha leve caída no perfil cognitivo dos estudantes matriculados no primeiro curso da titulación.
- 2) O 91.67% de estudantes que acceden á titulación cunha puntuación igual ou superior a 6 (IN07G) é o valor mais alto da serie temporal e consolida, así, a tendencia alcista, na que o descenso do curso 2018-2019 supón un excepcional retroceso ata valores moi inferiores ao do curso 2016-2017, ao quedar o valor da puntuación nun 83.19%. Cómpre sinalar non só o aumento de 8.48 puntos porcentuais respecto do curso anterior, senón tamén que entre o curso 2014-2015 e o curso 2019-2020 a porcentaxe aumenta en 22.44 puntos porcentuais.
- 3) Os profesores estiman que o nivel co que chega o alumnado (coñecementos e habilidades) é suficiente para afrontarse aos contidos da materia (INF 14), dándolle unha puntuación de 3.41, aínda que esta puntuación é inferior en medio punto ao 3.97 do curso 2018-2019.

Por mor da adaptación das actividades presenciais aos escenarios deseñados pola USC no contexto da Covid-19, non foi posible realizar a enquisa que todos os cursos se fai ao alumnado de novo ingreso nin analizar a realizada ao comezo do curso 2018-2019. Xa que logo, facemos constar novamente os resultados do curso 2017-2018:

- 1) Un 76.30% dos estudantes que responden elixen o grao en primeira opción.
- 2) Un 54.90% indica interese/vocación no ámbito da política e só un 26.50% indica interese polos coñecementos/materia da carreira.
- 3) Un 61.00% das mencións dos estudantes indican que esperan que no título se adquiran coñecementos que efectivamente son propios da carreira: coñecementos sociopolíticos, sobre administracións públicas, economía, dereito e relacións internacionais.
- 4) Só un 11.20% dos estudantes considera que a carreira pode formar para ser politólogo (consultoría, enquisas...) e só un 1.80% considera que ese sexa o seu traballo desexado. Ademais, o 13.90% cre que se pode adquirir no grao formación para ser analista ou asesor político e para ser investigador ou docente, traballo que desexan só o 9.70% dos estudantes. En cambio, un 19.80% considera que a titulación pode formar para exercer un cargo de carácter político (partido, sindicato...), e un 20.20% desexa esa clase de traballo. Un 27.30% considera que a titulación forma para un posto na administración pública, e un 14.90% considera ese o seu traballo desexado.
- 5) O descoñecemento sobre que é un politólogo tamén pode contribuír a xerar dúbidas sobre o perfil dos estudantes de novo ingreso: un 28.70% considera que é un “experto político (en xeral)”, e ata un 6.09% que é alguén que exerce/participa/ se dedica á política. Apuntan nunha dirección axeitada o 17.80% que indican que é un analista/experto na situación/actores políticos e o 9.90% que indican que é un ensinante/investigador/difusor do entendemento da política e do comportamento político.

En xeral, as percepcións implican certo desaxuste entre o perfil dos estudantes que ingresan na carreira e o perfil acaído aos contidos e obxectivos do grao en ciencia política e da administración.

Por último, nas reunións de varias comisións delegadas da xunta de facultade, maniféstase reiteradamente a impresión de varios profesores, indicada ao principio deste apartado, de que prevalece na sociedade e entre os estudantes matriculados na titulación unha confusión sobre o carácter de ciencia política e da administración, que parece ser considerada parte das humanidades e non das ciencias sociais. Iso revélase na falta de coñecementos matemáticos entre os estudantes, nas súas dificultades de manexo de software de calquera clase e na súa renitencia ás materias de métodos ou de estatística, que son imprescindibles hoxe en día para a formación como politólogo.

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O desenvolvemento da docencia de xeito non presencial durante o segundo cuatrimestre do curso realizouse de acordo coa normativa de todo rango xerárquico que ao longo das semanas foron aprobando as autoridades competentes de nivel nacional, autonómico e universitario. A miúdo a precipitación das resolucións, outras veces o retraso, case sempre a vaguidade e indefinición das normas xeraron desconcerto e insatisfacción entre parte do profesorado, en quen, ademais, as normas parecían descargar toda a responsabilidade de adaptación sen recibir dotación algunha de recursos para realizala. En calquera caso, na facultade o desenvolvemento da actividade docente

adaptouse á seguinte lista de normas, instrucións e guías elaboradas polos correspondentes órganos colexiados e individuais do goberno e a administración da USC:

- Resolución reitoral do 27 de marzo de 2020 sobre as practicas académicas externas do curso 2019/2020 como consecuencia da súa suspensión temporal derivada da situación de crise sanitaria.
- Acordo do consello de goberno do 22 de abril, polo que se regula o réxime especial da avaliación do curso 2019-2020 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola covid-19
- Instrución 3/2020, da Secretaría Xeral, sobre o desenvolvemento das probas finais telemáticas no curso académico 2019-2020
- Resolución reitoral do 7 de maio de 2020, pola que establece o protocolo de actuación para a aplicación do “plan para a transición hacia una nueva normalidad”, aprobado por consello de ministros o pasado 28 de abril de 2020 (Fase I)
- Acordo do consello de goberno do 22 de abril, polo que se regula o réxime especial da avaliación do curso 2019-2020 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola covid-19
- Guía para a realización de probas finais telemáticas [publicada o 28 de abril de 2020]
- Protocolo para o uso de medios electrónicos nas reunións de órganos colexiados da USC [publicado o 28 de abril de 2020]
- Resolución reitoral do 22 de maio de 2020 pola que se establece o protocolo de actuación para a aplicación do “plan para la transición hacia una nueva normalidad”, aprobado por consello de ministros o pasado 28 de abril de 2020 (Fase II)

A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas,...) desenvólvense segundo o establecido nelas. De calquera xeito, os órganos de dirección e coordinación de centro carecen de capacidade de influencia sobre a normativa aplicable. Non obstante, a tendencia crecente á hipertrofia da burocracia e a confusión do labor docente cunha cadea de montaxe, consecuencia, probablemente, de lecturas tan obsoletas como mal asimiladas e de prácticas de homoxeneización institucional carentes de soporte empírico algún, contribúen a erradicar a creatividade, a innovación docente (salvo na pouco innovadora modalidade da participación en cursos que nada permiten innovar), a flexibilidade necesaria para axustar contidos a toda clase de continxencias, a multidisciplinariedade, a transmisión de contidos complexos, a organización dos grupos de xeito eficiente, a programación racional das clases interactivas en función dos contidos das clases expositivas... e converten a docencia nunha tarefa de subministro de pílulas informativas destinadas a xerar masas acrílicas e “benpensantes” de estudantes que poidan subministrar as puntuacións acaídas nos sistemas de indicadores como os empregados neste informe.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As adaptacións necesarias para o desenvolvemento da docencia non presencial no segundo cuadrimestre do curso obrigaron a unha énfase especial na transparencia informativa respecto ao profesorado, ao alumnado e ao PAS. En concreto:

- Informouse reiteradamente ao alumnado sobre as modificacións introducidas nas guías docentes das materias por parte do profesorado.
- Mantivéronse xuntanzas nas Comisións de Calidade e de Título para coñecer os problemas xerados pola docencia non presencial e as demandas do alumnado a través dos seus representantes nesas comisións, así como para mantelos informados en todo momento das medidas adoptadas en cumprimento da normativa aprobada polas autoridades competentes de das respostas que a facultade podía ir dando ás súas demandas.
- Informouse reiteradamente ao alumnado da modificación do calendario e do horario de exames, así como da modalidade de avaliación da cada unha das materias tanto para a primeira oportunidade do segundo cuadrimestre como para a segunda oportunidade do primeiro e do segundo.
- Elaborouse unha *Guía sobre o procedemento de depósito e defensa do TFG 2019-20 nas oportunidades de Xullo e Setembro* que se remitiu ao alumnado.

As diferentes enquisas e indicadores suxiren que é necesario reflexionar sobre os mecanismos de información e transparencia. Detéctase que os constantes esforzos dos responsables do centro e do título, así como do persoal administrativo de apoio, por informar á parte da comunidade universitaria que estuda ou traballa no centro non son tan eficaces e eficientes como se desexa. Aínda así, os datos revelan melloras notables respecto ao curso anterior e indican que os esforzos xurdidos do traballo dos órganos de coordinación do grao e das comisións da Xunta de Facultade acadan resultados satisfactorios. Nos puntos 1), 5) e 6), dada a falta de evidencias e indicadores actualizados para o curso 2019-2020, reproducécese o comentario do Informe de Seguimento do curso 2018-2019, baseado nas evidencias e indicadores para ese curso, que son as últimas de que se dispón.

- 1) A puntuación alcanzada (2.65) nas enquisas de satisfacción dos egresados/as coa información recibida (IN23G) supón, cun valor de 3.20, o valor máis alto da serie de 6 cursos e a terceira subida consecutiva do valor do indicador. Considérase unha valoración relativamente aceptable, pero mellorable.

- 2) Nas enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación (INF 22) as puntuacións non son completamente satisfactorias nin respecto á información dispoñible sobre a titulación, aínda que aumente de 2.38 a 2.82, nin respecto á orientación profesional e laboral recibida no centro, aínda que tamén esta aumente de 1.88 a 2.22.
- 3) Segundo a Enquisa de satisfacción de egresados/as (INF 09, con catro respostas –que supoñen una taxa de resposta do 5.97% dos egresados do curso 2018-2019), a valoración da información e o apoio recibidos nas actividades de acollida e presentación (3.10) é comparativamente satisfactoria, dado que recibe a puntuación máis alta dos últimos cinco cursos e é superior á puntuación media para os graos da USC (2.97). A satisfacción coa xestión, a información académica e as reclamacións mostra puntuacións moderadamente aceptables, posto que todas elas son iguais ou superiores a tres, son unhas centésimas superiores á do curso pasado (coa excepción da Oficina de Información Universitaria, que pasa de 3.21 a 3.20) e só unhas centésimas inferiores ás puntuacións medias dos graos da USC (coa excepción dos folletos informativos, informacións en prensa, etc., respecto da cal supérase esa media -3.30 no grado, fronte a 2.57 de media-). Non obstante, convén ter en conta, a fin de tomar medidas que eviten retrocesos, que a menor puntuación (3.00) a obtén a información na propia Facultade ou Título. A valoración da atención recibida do Decanato ás reclamacións presentadas (3.67) é bastante satisfactoria, posto que obtén a puntuación máis alta dos últimos cinco cursos (2.74 no anterior) e supera a puntuación media dos graos da USC (3.01).
- 4) A información sobre a titulación (aspectos organizativos e de xestión, plan de estudos, competencias) considérase axeitada por parte dos profesores que responden á enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación (INF 23), que puntúan o ítem con 4.09, apenas inferior ao 4.17 do curso 2018-2019.
- 5) Respecto ás prácticas externas (INF 06), a adecuación tanto da información, orientación e atención prestada por parte do titor académico da Universidade como da información previa recibida do procedemento das prácticas (requisitos, prazas ofertadas, horarios, etc). puntúase polos estudantes con 3.75.
- 6) No único ítem que pregunta aos estudantes participantes en programas de mobilidade entrante (INF 04) sobre información dependente do título (e non da USC) –información sobre o sistema de avaliación- a puntuación é 3.00, lixeiramente inferior á media dos títulos da USC (3.14). Tamén a media é, para todos os ítems, 3, inferior sempre á media nos graos da USC. As xornadas de acollida valóranse mellor do que se fai, de media, nos graos da USC (4.00 fronte a 3.47). En cambio, o apoio prestado durante a estadía polo Servizo de Relacións Exteriores recibe unha puntuación de 3.00, fronte ao 3.47 de media nos graos da USC.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A USC estableceu e mantén documentado e implantado un Sistema de Garantía Interna de Calidade e mellora continuamente a súa eficacia de acordo cós requisitos de xestión establecidos para estes procesos.

Dentro do SGIC marco, a Facultade de Ciencias Políticas e Sociais aprobou a 4ª edición do *Manual do Sistema de Garantía de Calidade* (Consello de Goberno do 30 de setembro de 2020) e a primeira edición do Manual de Procesos (Consello de Goberno do 30 de setembro de 2020).

O SGIC concrétase nos procesos, completados por varios procedementos auxiliares, definidos no SGIC marco. O desenvolvemento de cada proceso descríbese no manual ao efecto do SGIC marco da Universidade, así como na aplicación informática de soporte ao sistema de garantía de calidade do centro. Toda a información está dispoñible a través da páxina web do centro. Así mesmo, o centro dispón dun Manual de Procesos, Evidencias e Responsables en formato Excel, actualizado permanentemente.

A Comisión de Calidade do Centro é o órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do SGIC do centro, actuando, ademais, como medio de difusión interna do sistema e dos seus logros. Eran membros da Comisión de Calidade ao remate do curso 2019-20 (17/6/20):

- Prof. Ramón Bouzas Lorenzo (Decano e Responsable de Calidade do Centro)
- Prof. José Caamaño Alegre (en representación do PDI), secretario da comisión.
- Prof. José Manuel Rivera Otero (Coordinador do Título de Máster)
- Prof. Celestino García Arias (Coordinador do Título de Grao)
- Mª Ángeles Lorenzo Periscal (Responsable da Unidade de Xestión do Centro)
- Profª María Antonia Arias Fernández (en representación do PDI)
- Alberto Quintas Muñoz (en representación do PAS)
- Ariana Castro Loureiro (en representación do alumnado)
- Duarte Cea Rama (en representación do alumnado)

As funcións principais desta Comisión son as seguintes:

- Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e avance do SGC no centro.
- Elaborar a memoria de calidade do centro (MCC)

- Fomentar a realización e o seguimento periódico do plan de avances anual do centro.
- Estimular a participación de todos os colectivos implicados na avaliación e avance da calidade das titulacións que se imparten no centro.
- Realizar o seguimento dos resultados do centro.
- Propoñer ao equipo de dirección a información que debe ser pública.
- Informar favorablemente, ou propoñer modificacións, se procede, dos informes de resultados ou seguimento/acreditación elaborados polas comisións de título.

As competencias relativas á Comisión do Título están recollidas no manual do SGIC do centro. En liña có establecido no SGIC marco da USC e no SGIC da Facultade, os procedementos de recollida de información funcionan razoablemente ben e facilitan os datos necesarios aos órganos da Facultade. A Información, de acordo cós procedementos do SGIC, é analizada a través dos diferentes órganos de Goberno, comisións e estrutura para o desenvolvemento do SGIC (Equipo decanal; Coordinador do Título; Xunta de Facultade; Comisión de Calidade do Centro; Comisión de título).

Para analizar a calidade do ensino e a do profesorado utilízanse datos relativos a PDA, POD, información sobre o persoal de apoio, sobre o profesorado, informes sobre cualificacións e enquisas de satisfacción do alumnado, profesorado e egresados. Esta información e outros datos e informes son analizados polos órganos do SGIC para conseguir o avance da calidade do ensino e as accións e servizos que lle dan apoio. A recollida de información e o tratamento da mesma desenvólvese segundo o previsto, aínda que habería que indicar que o nivel de participación nas enquisas é baixo, malia os esforzos de difusión que se realizan desde a área de Calidade da USC, o centro e a coordinación do Título. Para incrementar o nivel de participación nas enquisas de satisfacción, nos períodos da súa realización, a dirección do centro dá publicidade ás mesmas a través de pantallas informativas. Igualmente, a través de correo electrónico, estanse remitindo comunicacións individuais instando á participación.

Os procedementos de suxestións e reclamacións están recollidos no SGIC. O procedemento de suxestión e queixas establece a súa tramitación a través do Defensor da Comunidade Universitaria, a través da Oficina de Análise de Reclamacións (tratamento de queixas, suxestións e recursos administrativos) e a través do Decanato da Facultade. Cos datos fornecidos, analízanse os resultados relativos a calquera incidencia e reclamación asociados á planificación e desenvolvemento do ensino, para poder establecer accións de mellora.

A documentación na que se basea este apartado é a relativa a SGIC do Centro, os informes depositados na plataforma de xestión de calidade da USC e as actas de diversos órganos de goberno (Xunta de Facultade; Comisión de Calidade; Comisión do Título).

Aínda que existen canles suficientes para recoller e analizar información, os mecanismos institucionais non funcionan como sería desexable, debido ás reducidísimas taxas de resposta ás enquisas por parte de todos os colectivos dos que se solicitan valoracións das dimensións pertinentes. A enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación (INF 22) ten unha taxa de resposta do 5.98% (superior ao 3.65% do curso 2018-2019, pero inferior ao 8.07% do curso 2017-2018; a enquisa de satisfacción do PDI coa titulación (INF 23) ten unha taxa de resposta do 27.50% (superior ao 16.22% do curso 2018-2019, pero interior ao 35.00% do curso 2017-2018; a enquisa de satisfacción de mobilidade entrante (INF 5, curso 2018-2019) ten respostas de 4 estudantes (19.69%); a enquisa de satisfacción de mobilidade saínte (INF 4, curso 2018-2019) ten respostas de 3 estudantes (13.04%); a enquisa de satisfacción dos/as titores/as externos/as cos programas de prácticas externas (INF 7, curso 2018-2019) obtén 7 respostas (31.82%); a enquisa do profesorado coa docencia impartida [sic] (INF 14) obtén resposta dun 30% dos participantes, taxa inferior ao 37.84% do curso anterior; a enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (INF 13) ten taxas de resposta de 21.63%, para o primeiro cuadrimestre, e de 25.45% para o segundo cuadrimestre, ambas inferiores ao 29.61% do curso anterior; a enquisa de satisfacción de egresados/as (2018/2019) (INF 09) ten unha taxa de resposta do 5.97%, valor que hai que relativizar, dado que, segundo nota do propio informe, os datos proporcionados para o curso 2019/2020 correspóndense ás enquisas dos egresados do curso 2018/2019. De novo débense

manter os esforzos para difundir entre todos os colectivos a necesidade de participar nas enquisas.

Coa vontade de remediar esas carencias, o título ten realizado varias enquisas, algunhas financiadas pola Área de Calidade da USC, para recoller información: un informe de inserción laboral, unha enquisa a egresados no marco do proxecto de reforma do plan e estudos, tres enquisas (cursos 2016-2017, 2017-2018 e 2018-2019) sobre elección de carreira e expectativas do alumnado de novo ingreso e unha enquisa sobre o resultado das medidas de adaptación da docencia ás necesidades impostas polo confinamento do segundo cuatrimestre do curso 2019-2020.

Entre os indicadores dispoñibles este curso, atópase a puntuación entre o profesorado da adecuación das vías existentes para participar na mellora da calidade (INF 23), que é moderadamente satisfactorio, cun valor de 3.55, lixeiramente inferior ao 3.67 do curso anterior.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na implantación do SGIC implícase a todos os grupos de interese internos e, a través dos órganos previstos no mesmo, analízanse moitos indicadores que permiten ter un coñecemento detallado de todos os aspectos relevantes para o seguimento do Grao e para propoñer modificacións que melloren o Título.

Nas actas das reunións da Comisión de Calidade e da Comisión de Título recóllense as valoracións sobre a análise dos distintos indicadores. Estas serven de base para formular propostas de mellora que son reflectidas nos informes de seguimento e de renovación da acreditación do Título.

As propostas de mellora teñen asignado un responsable da súa execución, e revísanse periodicamente nas reunións da Comisión de Título e na Comisión de Calidade para facer un seguimento da súa consecución.

A dirección do centro e o coordinador do título trasladan á Comisión de Calidade os informes e recomendacións dos diferentes procesos de verificación, seguimento e renovación de acreditación, que se encarga da súa análise e de propoñer no seu caso plans e accións de mellora.

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En todos os órganos do SGIC están representados os grupos de interese internos (PDI, PAS e alumnado), polo que se garante a súa participación no proceso de elaboración, implantación e seguimento das accións de mellora. Os órganos de seguimento (comisións) reúnen con regularidade para resolver asuntos ordinarios e ata por vía de urxencia cando é preciso dar resposta áxil a calquera incidencia.

Como indicamos no apartado 3.1, o SGIC da Facultade foi renovado recentemente, o que dá testemuño do compromiso deste centro coa calidade.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Tránsito Fin de Grao ou Tránsito Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

CUALIFICACIÓN

- 1) Pode concluírse que o nivel de cualificación dos profesores do grao é alto: a porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total (IN25G), a pesar de reducirse lixeiramente os últimos 5 cursos, é moi alto, acadando un valor de 81.82%, que, aínda que é notablemente inferior ao 90.63% do curso pasado, supera a media para a área de ciencias sociais e xurídicas (como o fai en cada punto de observación) e é inferior en menos de dúas décimas á porcentaxe para a media de USC, por debaixo do cal se coloca por primeira vez na serie temporal. Con información extraída da Base de datos de recursos humanos (PDI), actualizada a 01/07/2020, e da Base de datos do Plan de Ordenación Docente, actualizada a 26/02/2020 (E15), por categoría profesional, tamén hai un elevado nivel de cualificación: aínda que só hai un catedrático de universidade, hai porcentaxes elevadas de profesores titulares de universidade (33.68%) e profesores contratados doutores (16.84%), tres figuras docentes con vinculación permanente e dedicación a tempo completo, que suman o 54.73% do profesorado da titulación e asumen o 65.84% das horas de docencia. Outros catro profesores axudantes doutores supoñen un 10.53% do profesorado e un 10.14% de horas de docencia. A experiencia docente é relativamente alta: os 40 profesores do título suman 253 quinquenios. Finalmente, a experiencia investigadora, moi diversa entre as áreas de coñecemento da USC, non é moi distinta da de moitos centros, e entre os 40 profesores do título suman 89 sexenios. No primeiro curso do grao, impartiron clase un catedrático de universidade, seis profesores titulares de universidade, catro profesores contratados doutores, tres axudantes doutores, catro profesores interinos, un contratado interino T3, un contratado predoutoral Xunta e un profesor asociado LOU. O total de quinquenios e de sexenios son altos: 60 e 23, respectivamente, a pesar do número de contratados predoutorais e de contratados interinos. A porcentaxe de Persoal Docente e Investigador

(PDI) con sexenios sobre o PDI total (IN24G) é 66.67, a mesma que nos dous cursos anteriores; ese valor atópase por enriba do correspondente a área de ciencias sociais e xurídicas da USC (tal como nos cursos anteriores da serie temporal), pero máis de 18 puntos por debaixo da media da USC, probablemente debido á excesiva carga docente do profesorado do título e á falta de mecanismos normativos e de recursos de persoal docente que faciliten a concentración da docencia por cuatrimestres.

- 2) Por parte dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade (INF 05, curso 2018-2019), tanto a calidade do profesorado como a calidade da docencia recibida acadan puntuacións de 3.00, non insatisfactorias, pero 82 centésimas inferiores á media das puntuación dos mesmos ítems nos graos da USC.
- 3) O grao de satisfacción global do alumnado coa docencia recibida (IN46G e INF 13), cunha puntuación de 3.54, é 38 centésimas inferior ao 3.82 do curso 2018-2019 e o mais baixo da serie temporal, pero non pode sobrevalorarse ese descenso, tendo en conta tanto o rango de variación das puntuacións nos últimos cursos como a excepcionalidade da situación docente no segundo cuatrimestre. Considérase satisfactorio que todos os ítems da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (INF 13_1S e INF13_2S) se atopan entre os 3,30 e os 4. Especificamente, a valoración do grao de satisfacción global có profesor da materia é, aínda que susceptible de mellora, moderadamente alto. Todos estes datos son indicios satisfactorios da cualificación dos docentes percibida polos estudantes. A Comisión insta á comunidade académica do Centro a manter a comunicación entre representantes do alumnado e coordinadores de curso e de título.
- 4) Comparativamente, a valoración do profesorado da titulación (3.25) na Enquisa de satisfacción de egresados/as (INF 09) é satisfactoria, posto que é similar á do curso pasado (3.30) e lixeiramente superior á media dos graos da USC (3.08).

SUFICIENCIA

O problema da falta de persoal docente non é responsabilidade dos órganos de dirección do centro nin dos órganos de coordinación do grao. A Universidade, nos dous últimos cursos, ten convocadas prazas de profesorado con expectativas de estabilización nas dúas áreas que asumen a meirande parte da docencia, e algúns dos indicadores mostran melloras na dotación de PDI.

- 1) O indicador 55G, desde un punto de vista relativo, presenta unha imaxe aceptable: a media de alumnos matriculados en materias (FB e OB) por grupo de teoría (expositivas) é de 62.82, por debaixo da media nos graos da USC (65.79) e nos graos de ciencias sociais e xurídicas (69.34). En cambio, a media de alumnos matriculados en materias optativas por grupo de teoría (expositivas) é superior no grao (38.88) que a media para os graos de ciencias sociais e xurídicas (35.26) e moi superior que a media para os graos da USC (29.18). En ambos casos, os sucesivos descensos se consideran una mellora, aínda que limitada, da situación.
- 2) Os datos da media de alumnos por grupo de docencia interactiva (IN32G) reflicten unha evolución positiva: para os grupos de laboratorio mantense case invariable, pasando de 24.87 no curso 2018-2019 a 25.07 no curso 2019-2020; para os grupos de seminario, o descenso desde o 29.14 no curso 2018-2019 a 27.01 supón que, con este segundo descenso consecutivo, se acada o valor máis baixo da serie temporal.

FORMACIÓN

- 1) Segundo o INF 14, a puntuación media acerca do interese do profesorado en recibir formación de apoio para a mellora da docencia (novos recursos docentes, novas tecnoloxías aplicadas á docencia, etc.), é bastante alta, cun valor de 4.23, superior ao 4.10 do curso anterior.
- 2) Contrasta con esa puntuación a taxa de participación dos profesores do título en actividades formativas (I6-17). Incluso nunha situación docente excepcional durante o segundo cuatrimestre, no que foi necesaria a adaptación á docencia virtual e a USC incrementou a oferta de cursos de formación, non participan nesas actividades mais que o 35% do profesorado do título, acadándose o valor mais alto da serie temporal, cun ascenso moi notable dende o 18.92% do curso 2018-2019. Fóra do INF14 se sitúan as actividades realizadas por iniciativa propia do PDI á marxe da oferta do programa de formación continua da USC, aspecto sobre o que sería conveniente obter información.

MOBILIDADE

É moi baixa a porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade (I-10), malia que o 7.50% é un notable aumento desde o 2.70% do curso 2018-2019. Non obstante, non se acadada sequera o pouco máis de 9.00% dos cursos anteriores ao 2017-2018. É necesario coñecer que razóns ou motivos teñen os profesores para non participar nos programas a fin de estimulala.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O cadro de efectivos do Persoal de Administración e Servizos que dá apoio ao título é axeitado tanto desde a perspectiva de número de persoas dispoñibles como de capacidades. O PAS está conformado polos seguintes efectivos (E-16, con información actualizada a 1 de Xullo de 2020):

- Persoal laboral: 1 conserxe (Grupo IV.I); 1 oficial de servizos (Grupo IV.I) (aos que se engaden outros 2 conserxes, compartidos coa Fac. de Relacións Laborais) e 2 auxiliares técnicos informáticos (Grupos IV.I).
- Persoal funcionario: 1 responsable de unidade de xestión do centro (Grupo A1/A2, nivel 24); 1 responsable de asuntos económicos (Grupo C1, nivel 18); 1 secretario do decanato (Grupo C1, nivel 18); 1 secretaria de administración (Grupo C1, nivel 18) do Departamento de Ciencia Política e Socioloxía.

Os catro integrantes do persoal de conserxería teñen unha elevada antigüidade que varía entre un mínimo de 11 anos, 9 meses e 16 días e un máximo de 20 anos e 1 mes. O mesmo sucede co responsable de asuntos económicos, que ten unha antigüidade de 20 anos, 3 meses e 18 días. Unha antigüidade suficiente para a acumulación da experiencia necesaria para a eficacia e a eficiencia do traballo realizado tamén a teñen o responsable de apoio administrativo aos Departamentos de Ciencias Políticas (7 anos, 1 mes e 24 días) e o ocupante da secretaría do

decanato (5 anos, 9 meses e 14 días). Só a responsable da Unidade de Xestión de centro ten unha antigüidade de un ano e 28 días por mor da súa recente incorporación ao posto, o que non afecta ao seu excelente desempeño.

Aínda que as percepcións do PAS contribúen a valorar a situación dos recursos humanos, para o curso 2019-2020 só se dispón de dúas respostas na enquisa de satisfacción do PAS (INF 21). As puntuacións medias repártense, para todos os ítems, entre o 3.50 e o 5. Dous aspectos susceptibles de mellora son os representados polos ítems que reciben unha puntuación de 3, ambos relativos á coordinación: “Sinto que a persoa responsable da unidade coordina e dirixe correctamente ao equipo de traballo” e “Estou coordinado con outras unidades da universidade”. Só outros tres ítems acadan unha puntuación media inferior a 4: con 3.50 se puntúan: “A comunicación entre o persoal da unidade e o/as usuarios/as é axeitada”, “Síntome motivado/a no meu traballo”, e “As miñas condicións laborais (salario, horarios, organización, etc.), son axeitadas”. A satisfacción xeral, acada unha puntuación, satisfactoria, de 4.

Tendo en conta que cada vez se traspasan máis funcións aos centros, sobre todo as de trato directo co alumnado, sería interesante aumentar o persoal e suprimir seccións “intermedias” como as UXAs por Campus.

En canto aos ítems relacionados coas repercusións da situación derivada do COVID-19 na labor dos PAS, os dous participantes declaran ter recibido “[...] información sobre o impacto da Covid-19 e o Estado de Alarma sanitaria no desenvolvemento das [súas] obrigas” e ter á súa disposición “mecanismos para trasladar as dúbidas relacionadas co meu traballo derivadas da Covid-19 e o Estado de Alarma sanitaria”. As respostas divídense entre si e non para os ítems sobre a posibilidade de desenvolver as súas obrigas en remoto, a adecuación dos recursos para traballar en remoto e a adecuación da formación para desenvolver o traballo online. Xa que logo, non parece que, á marxe da satisfacción de necesidades informativas xerais, a institución deixase satisfeito a parte a lo menos do PAS da Facultade. Conviría estudar medios de mellora en previsión de posibles continxencias semellantes ás producidas pola pandemia.

A porcentaxe de participación do PAS en plans de formación (I6-I7) ven sendo satisfactoria (62.50% no curso 2018-2019, consolidando o aumento producido no curso 2017-2018 [63%] respecto ao curso 2016-2017 [30.00%]); o 100% do curso 2019-2020 ten que valorarse tendo en conta esa evolución, sen sobreestimar unha porcentaxe condicionada pola excepcionalidade da situación sanitaria do curso pasado.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oriéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Grao desenvólvese nas instalacións da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais da Universidade de Santiago de Compostela, no Campus Vida.

O equipamento para o idóneo desenvolvemento das súas actividades amplíase ou renóvase periodicamente a través dos recursos que, para este fin, recibe anualmente a Facultade. Os recursos materiais e servizos dispoñibles na actualidade son axeitados para garantir o desenvolvemento do título, sempre e cando se asegure o modelo presencial actualmente vixente, ameazado polas consecuencias da Covid-19 que poden introducir novas necesidades de adquisición de equipamento.

O Grao desenvolve a súa actividade nas aulas 0.1, 0.2, 1.1, 1.2, 1.3 (con capacidade para 110 postos) e a aula de informática (con capacidade para 30 postos). Ademais, están a disposición do alumnado 4 espazos de traballo e estudo grupal. Todas as zonas en uso e o seu perímetro dispoñen de acceso á rede wi-fi.

Outros espazos dos que se dispón:

- 1 Sala de xuntas (con pizarra interactiva)
- 1 Salón de actos (compartido coa Facultade de Relacións Laborais)
- 1 Salón de graos (compartido coa Facultade de Relacións Laborais)
- 1 Sala-aula de profesores

Os espazos garanten o acceso para persoas con discapacidade.

Todas as aulas dispoñen de ordenador fixo con conexión á rede mediante cable. Así mesmo, todos os espazos e o seu perímetro contan con acceso á rede sen fíos. Hai proxector audiovisual e megafonía sen fíos en todos os espazos destinados a docencia.

Todo o PDI e PAS dispón de espazos de traballo (individuais e compartidos). Así mesmo, de acordo coa normativa da USC, os grupos de investigación vinculados a PDI con presenza no Centro teñen asignados espazos de traballo. A supervisión da xestión destes espazos é responsabilidade da Xunta de Facultade e baséase nun regulamento propio introducido no curso 2014-15. Durante a actual crise provocada pola Covid-19, a Facultade fixo unha redistribución de espazos e efectivos procurando un uso individual na medida do posible.

Os espazos e infraestruturas dispoñibles son satisfactorios. Igualmente, son axeitados os investimentos feitos en equipamento (cunha partida de axudas aberta durante todo o ano). Desde a dirección do centro púxose interese por dar resposta as necesidades da comunidade académica a través dos mecanismos de recollida de datos sobre estado das instalacións e equipamento que ten implementado.

O Centro dispón dun espazo de aparcadoiro compartido con outros centros e restrinxido ao uso do PDI e PAS. Igualmente, dispón de fotocopiadoras de autoservicio e máquinas expendedoras de bebidas e alimentos.

Durante os tres últimos cursos, en función das peticións recibidas e dos incidentes xurdidos, realizáronse investimentos nos seguintes elementos:

- Renovación de equipos informáticos do aula de informática.
- Renovación de equipos informáticos de traballo do PDI.
- Adquisición de mobiliario de despacho.
- Repintado de espazos diversos.
- Instalación de pantallas no salón de actos e de graos.
- Equipamento da sala de profesorado e PAS.
- Renovación de canóns de proxección en varias aulas.
- Reparación de cubertas do aulario e desperfectos por filtración de augas.
- Instalación de tomas de electricidade en aulas para equipamento portátil do alumnado.
- Illamento térmico de espazos de traballo.

Ademais do exposto, a comunidade académica do Grao accede á Biblioteca Intercentros Concepción Arenal que forma parte da Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela (BUSC) e reúne os recursos bibliográficos indispensables para o estudo das ciencias sociais e xurídicas.

A biblioteca conta cun edificio exento nas proximidades da Facultade que presta servizos ás Facultades de Relacións Laborais, Dereito e Ciencias Políticas e Sociais e dispón dunha superficie de 7.410 m². Pon a disposición dos seus usuarios/as os seguintes espazos: salas de lectura con 952 postos de lectura; 2 aulas de formación; salas de traballo en grupo; salas de investigación con 50 postos individualizados; 50 postos de descanso; depósito, co fondo antigo (obras desde o século XVI). Conta, ademais, co seguinte equipamento: Escáner (1); PCs para consulta do catálogo da BUSC (7); PCs para consulta de bases de datos e Internet (3); portátiles en préstamo (9);

fotocopiadoras (3); lector /reprodutor de microformas (1).

A biblioteca conta de rede sen fíos en todas as instalacións e todos os postos de lectura están dotados de conexións á rede eléctrica.

As principais áreas de coñecemento representadas na colección son: ciencia política, dereito, economía e socioloxía. Os fondos bibliográficos están diferenciados en: libros de alumnos, manuais de apoio á docencia fundamentalmente, e libros de investigación. Na Sala de Lectura da biblioteca están depositados os manuais e a bibliografía recomendada aos alumnos, en libre acceso. No resto do fondo bibliográfico atópanse as obras de investigación, tamén en libre acceso, excepto o fondo antigo (anterior a 1940). Na hemeroteca poden consultarse os números dos últimos anos dos títulos de revistas que se reciben en papel e, ademais, a través dos ordenadores, poden consultarse as revistas electrónicas e bases de datos. As coleccións da Biblioteca comprenden 163.200 volumes de manuais e 5.134 títulos de revistas en papel, das cales 523 recíbense periodicamente. A participación da BUSC no Consorcio de Bibliotecas de Galicia (BUGALICIA) permite o acceso desde a rede da USC aos principais títulos de revistas e bases de datos científicas.

O uso da Biblioteca e os seus recursos permite o acceso a información moi diversa, desde obras xerais ata manuais especializados, permitindo ao estudante familiarizarse coa rica produción científica, tal e como se ofrece á sociedade en xeral, e á comunidade académica en particular. A biblioteca é unha ferramenta de apoio fundamental nas materias e metodoloxías de ensino-aprendizaxe do Grao, así como para a adquisición de competencias relacionadas coa procura, selección de información e discriminación de datos, sempre complementada co uso das TIC.

VALORACIÓN

As percepcións subxectivas dos colectivos que valoran os recursos parecen xustificar a adecuación. Non obstante, os valores das puntuacións suxiren que queda unha ampla marxe de mellora.

- 1) Na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (INF 13), no primeiro cuadrimestre os estudantes dan puntuacións satisfactorias, pero necesitadas de mellora, ao reforzo da comprensión da materia cos recursos didácticos empregados (3.46, INF 13_1S) e á utilidade do material de apoio (bibliografía, textos, exercicios, manuais de prácticas,...) para a preparación da materia (3.50, INF 13_1S); no segundo cuadrimestre, sometida a actividade docentes ás restrición derivadas da pandemia, as puntuación para eses mesmos ítems son de 3.55 (INF 13_2S) e 3.44 (INF13_2S).
- 2) A satisfacción do alumnado que resposta á enquisa sobre satisfacción do alumnado coa titulación (INF 22) puntúa con valores mais altos que o curso pasado, aínda que insatisfactorios, a adecuación dos recursos educativos dispoñibles (2.50 fronte a 2.25), a adecuación das infraestruturas e materias dispoñibles no centro (2.56 fronte a 1.75) e cun valor mais baixo e igualmente insatisfactorio a utilidade do campus virtual e a facilidade que proporciona para as xestións académicas (2.94 fronte a 3.25).
- 3) A satisfacción do alumnado que resposta á enquisa sobre satisfacción do alumnado coa titulación (INF 22) puntúa bastante baixo a orientación ao alumnado: a adecuación da información dispoñible sobre a titulación con 2.82, puntuación lixeiramente superior ao 2.38 do curso 2018-2019, e a orientación profesional e laboral recibida no centro con 2.22, puntuación tamén lixeiramente superior ao 1.88 do curso anterior.
- 4) Segundo a Enquisa de satisfacción de egresados/as (2018/2019, dada a ausencia de evidencias e indicadores actualizados para o curso 2019-2020) (INF 09), a satisfacción coas infraestruturas e os materiais dispoñibles (3.20, no INF 09-Enquisa de satisfacción de egresados/as 2018/2019) é moderadamente satisfactoria, posto que supera a do pasado curso, é a segunda máis alta dos último cinco cursos e é máis alta que a satisfacción media

nos graos da USC (2.89). A valoración dos recursos tecnolóxicos (4.10) é satisfactoria en termos absolutos e comparativos: representa a maior puntuación da tendencia ascendente dos últimos cursos e supera a puntuación media dos graos da USC (3.64). A valoración da Biblioteca (4.50) é moi satisfactoria, alcanzando a puntuación máis alta dos últimos cinco cursos, e superando en máis dun punto a puntuación do curso pasado e a valoración media nos graos da USC (3.99). A valoración da cafetería/comedor (3.00) é naturalmente (debido a que non hai un local propio do centro) inferior a expresada na media dos graos da USC (3.68), pero tamén inferior á do curso pasado (3.31).

- 5) Na enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (INF 14), acádase unha puntuación satisfactoria no ítem pertinente: a adecuación do material e servizos de apoio á docencia existentes na Universidade (fondos bibliográficos, fondos audiovisuais, aulas virtuais, aulas de informática, espazos de traballo...) para o desenvolvemento da materia (3.64, puntuación que implica un descenso desde o 4.14 do curso anterior probablemente debido aos efectos da Covid-19 nos labores tanto docentes como de investigación e xestión do profesorado).
- 6) A valoración polos profesores dos recursos materiais na enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación (INF 23) é satisfactoria: todos os ítems, menos un, reciben puntuacións iguais ou superiores a 3.30. A facilitación do labor docente polo campus virtual acada a puntuación de 4.09 (por debaixo do 4.33 do curso anterior); a adecuación da información sobre a titulación (aspectos organizativos e de xestión, plan de estudos, competencias...) tamén puntúa con 4.09, valor inferior ao 4.17 do curso anterior; e a atención prestada polo persoal de administración e servizos, con 4.70 (por encima do 4.00 do curso 2018-2019), acada a puntuación máis alta. O estado e a adecuación das aulas e o seu equipamento recibe, con 3.55, unha puntuación moi similar ao 3.50 do curso 2018-2019; finalmente, a adecuación dos recursos educativos dispoñibles obtén unha puntuación de 3.73, inferior ao 3.83 do curso anterior.
- 7) Tanto a adecuación da información, orientación e atención prestada por parte dos titores académicos da Universidade e da información previa recibida do procedemento das prácticas (requisitos, prazas ofertadas, horarios, etc.) como a das instalacións e os medios materiais cos que se conta na empresa/institución foron reciben unha puntuación idéntica (3.75) e moderadamente satisfactoria (INF 06, curso 2018-2019).
- 8) Entre os estudantes entrantes en programas de mobilidade (INF 05, curso 2018-2019), as valoracións dos recursos son as seguintes: as infraestruturas obteñen unha puntuación media de 4.00 (apenas superior ao 3.94 de media nos graos da USC), confirmando a pauta de altibaixos da serie en cursos anteriores.

Esta Comisión desexa chamar a atención sobre o panorama incerto que abre a situación excepcional provocada pola Covid-19, que pode obrigar a planificar unha dotación de equipamento extraordinaria para facer fronte a posibles escenarios de ensino semipresencial. Nese sentido, desexa recoñecer o esforzo que durante este meses realizou o persoal (PDI e PAS) para manter a actividade académica.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados son, en xeral, satisfactorios. Non obstante, hai un desequilibrio moi notable entre os resultados do primeiro curso e, algo menos, do segundo curso e os resultados de terceiro e cuarto. Probablemente, o perfil de ingreso dos estudantes teña como consecuencia que o primeiro curso, no que se presentan materias como Métodos en Ciencia Política, Estatística para as Ciencias Sociais ou Economía Política I, desempeñe a función de filtro que deberían realizar outros instrumentos previos á matrícula.

- 1) Considerando a avaliación xeral de todas as materias do título, a distribución por notas é a seguinte: suspenso (8.70%); aprobado (33.64%); notable (34.77%); sobresaínte (10.16%); matrícula de honra (2.00%); non presentados (10.34%); e renuncia (0.43%). As proporcións son moi similares nos seis anteriores anos académicos. No que atinxe ás porcentaxes nos catro cursos dun mesmo ano académico, os datos sintetízanse como segue.

A porcentaxe de suspensos é, en xeral, baixa e tende a reducirse canto máis alto é o curso: do 14.02% en primeiro pásase a 8.37% en segundo, a 5.29% en terceiro e a 0.00% en cuarto.

A porcentaxe de aprobados ascende lixeiramente entre os dous primeiros cursos (38.78% e 39.64%), pero redúcese en terceiro (28.53%) e representa en torno a unha sétima parte das cualificacións (14.60%) no cuarto curso.

A porcentaxe de notables ascende progresivamente entre primeiro e cuarto (a secuencia é 23.19%, 33.37%, 41.08% e 61.28%), producíndose o maior incremento entre terceiro e cuarto, curso no que tres quintas partes das cualificacións son de notable. Esta diferenza entre terceiro e cuarto aseméllase á tendencia que se reproducía dende o curso 2013-2014 até o 2016-2017 e se repite no curso 2018-2019, e diferénciase da situación dos cursos 2011-2012, 2012-2013 e 2017-2018, nos que entre terceiro e cuarto non había diferencias importantes.

Unha tendencia á alza moi acusada canto máis alto é o curso, tal como nos cinco cursos anteriores, apréciase na porcentaxe de sobresaíntes; basta con reproducir a secuencia entre primeiro e cuarto: 3.97%, 7.98%, 16.67%, 20.58%. Esta pauta, combinada coa do ascenso da porcentaxe de notables, comporta que aproximadamente catro quintas partes das cualificacións de cuarto son notables ou notas superiores.

A porcentaxe de matrículas de honra non cambia moito entre os catro cursos: 1.78% en primeiro, 2.66% en segundo, 1.85% en terceiro e 1.11% en cuarto. A diferenza de anos académicos anteriores, a porcentaxe máis alta de matrículas de honra rexístrase en terceiro.

Detéctase una tendencia á redución da porcentaxe de non presentados entre o primeiro curso e o cuarto curso, tanto no ano académico 2018-2019 como nos anteriores; en 2019-2020, a secuencia de valores é o 18.06% en primeiro, o 7.51% en segundo, o 6.08% en terceiro e o 1.55% en cuarto. No caso de terceiro, retórnase a unha porcentaxe similar ás dos cursos anteriores ao 2018-2019, no que se reduciu a porcentaxe de non presentados de 8.71% en 2017-2018 a 1.57%.

Cómpre mencionar que no curso 2019-2020 consolídase a equiparación detectada nos cursos 2017-2018 e 2018-2019 entre os niveis de renuncia de cuarto curso e os niveis de entre primeiro en terceiro, pois non pasa do 0.88% (catro renunciadas, vinculadas, como en cursos anteriores, ao TFG), inferior ao 1.67% do curso anterior.

Contemplados os datos desde a perspectiva da traxectoria dos estudantes, a nivel de cohorte de entrada, a tendencia detectada no plano transversal (os catro cursos nun mesmo ano académico) reproducíase no plano lonxitudinal partindo do curso 2011-2012: as porcentaxes de suspensos e aprobados tenden a reducirse e as porcentaxes de notables e sobresaíntes tenden a aumentar a medida que a mesma promoción ou cohorte ascende de curso.

En suma, o primeiro curso mostra os resultados máis baixos da carreira, circunstancia á que se engade a da porcentaxe máis elevada de non presentados. O alumnado progresa entre segundo e terceiro cara a notas máis elevadas, alcanzando as valoracións máis altas en terceiro. Os datos relativos aos sobresaíntes varían á alza significativamente no cuarto curso por efecto especialmente da avaliación das prácticas externas, nas que esa cualificación é obtida polo 72.29% dos estudantes, aumentando en 10 puntos porcentuais o valor do curso anterior. O curso 2016-2017 é o primeiro, dende 2012-2013, en que hai algún aprobado; en 2017-2018, consolídase a presenza deste resultado, cun valor de 4.5%; no curso 2018-2019 só hai un aprobado e no curso 2019-2020, tres. Se se teñen en conta só os resultados de TFG en cuarto, o perfil de notas rexistra variacións non sistemáticas das puntuacións alcanzadas; como no curso 2018-2019, no 2019-2020 destaca a ausencia de suspensos e Matrículas de Honra, distribuíndose as cualificacións entre tres cuartas partes de notables, case unha décima parte de sobresaíntes (para sumar entre esas dúas clases de cualificación cerca do 90% do total) e pouco máis dunha décima parte de aprobados. Tamén no TFG, redúcese a porcentaxe de renunciadas, que pasa de 11.94% a 4.55%, posiblemente debido á modificación da nota máxima que se pode obter con exposición ante o titor.

En tendencia lonxitudinal, prodúcese no curso 2019-2020 un ascenso xeral das cualificacións (aumento especialmente de notables), que destaca con especial intensidade nas cualificacións do TFG, trala modificación do límite de nota de presentación ante titor, que ascendeu de 7 a 8.5. Non é posible mais que constatar eses resultados, dado que non hai suficiente evidencia para realizar afirmacións causais nin atribuírlles, de momento, significado comparativo algún, dadas as extraordinarias circunstancias nas que se xeran

A Comisión insta de novo a facer un estudio sobre o rendemento do alumnado en primeiro curso e introducir as medidas que permitan mellorar os resultados sen menoscabo no nivel esixible para acadar as competencias establecidas. Igualmente, suxírese de novo examinar a través dos coordinadores de curso a relación entre resultados acadados e competencias adquiridas nos cursos sucesivos.

- 1) A puntuación recibida (3.64) na enquisa de satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas (IN19G, curso 2018-2019) mantense na liña de cursos anteriores (3.76; 3.51; 3.75; 3.63). Tratándose dun programa esencial para o Grao – polo carácter obrigatorio das prácticas e a organización que a súa oferta e o seu seguimento requiren-, a puntuación pode considerarse aceptable. A excesiva duración das prácticas é un dos elementos que menos satisfán aos estudantes, segundo se revela nas reunións do equipo de coordinación cos participantes nas prácticas externas. A información da que dispón o centro sobre as prácticas externas aconsella emprender unha reforma do título tanto para que as prácticas pasen a ter a condición de optativas como para reducir a súa duración. Aínda así, no curso 2018-2019, o aumento da puntuación ata acadar o valor de 3.00 indica que a redución da súa duración practicada no plano de estudos parece satisfacer moderadamente aos participantes no programa. Son bastante satisfactorias as puntuacións sobre o cumprimento das expectativas sobre as actividades desenvolvidas na empresa/institución (3.50) e sobre a condición das prácticas de bo contacto co mundo laboral (3.88). A puntuación de 2.88 sobre a clara relación das actividades desenvolvidas coa formación da carreira, ten que interpretarse con cautela, sen considerala necesariamente un indicio de fracaso, dado que a carreira de ciencia política non é unha carreira de formación de profesionais especializados e proporciona, en cambio, unha formación que combina saberes próximos aos das humanidades, destrezas técnicas, habilidades de xestión e outras que, en función da institución ou empresa de destino, posiblemente non teñan a relación esperada polo alumnado coas actividades das súas prácticas.
- 2) É elevado o grao de satisfacción xeral coas prácticas manifestado polos titores/as externos (4.33) (INF 07, curso 2018-2019), que rexistra a puntuación máis alta da serie temporal dos catro últimos cursos. En todos os ítems, obtense unha valoración inferior ao da media da USC. A formación inicial de coñecementos teórico prácticos do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas é puntuada con 3.43 (valor unha centésima superior á puntuación do curso 2017-2018, aínda que é o segundo inferior da serie de catro cursos) e a formación inicial de competencias profesionais do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas con 3.57 (o que supón o segundo aumento consecutivo, que neste caso acada as 7 centésimas respecto á puntuación do curso 2017-2018).
- 3) O grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación (IN42G, curso 2018-2019), 3.39, é aceptable, lixeiramente superior ao dos dous cursos anteriores (2.93 e 3.26), supón o segundo aumento consecutivo e acada o valor máis alto da serie temporal dos seis últimos cursos. Na enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación (INF 22), puntúanse con valores superiores aos do curso 2018-2019 o equilibrio nos contidos teóricos e prácticos da titulación (2.50 fronte a 1.50, a organización da titulación (2.50) e o atractivo da oferta de prácticas (2.50 fronte a 1.75). A interpretación destas puntuacións depende dos obxectivos que se atribúan a formación universitaria e ten implicacións relativas á función da universidade en sociedades democráticas. Como substituto vergoñento dun sistema de formación profesional deficiente, a universidade fracasa. Para quen a función da universidade non é o subministro de man de obra conformista, acrítica e disciplinada ao mercado laboral, probablemente os números non teñan a menor importancia, porque non miden dimensións relevantes da formación universitaria.
- 4) Canto se comentaba nos puntos 2) e 3) cobra máis sentido se se consideran as puntuacións do Informe das enquisas de satisfacción do PDI coa titulación (INF 23); contrariamente ás puntuacións do alumnado, ás do profesorado son bastante satisfactorias: o equilibrio dos contidos teóricos e prácticos da titulación recibe un 3.36 (lixeiramente inferior ao 3.50 do curso anterior), a organización xeral da titulación recibe un 3.55, a adecuación da formación en competencias profesionais recibe un 3.82 (indistinguible do 3.83 do curso anterior) e a

calidade docente da titulación un 3.73 (superior ao 3.67 do curso 2018-2019). A discrepancia de puntuacións entre profesorado e alumnado probablemente apunta a un conflito entre ás expectativas socialmente creadas neste último acerca do papel da universidade e asumidas polos xestores desta cunha función probablemente lexitimadora (proporcionar un oficio) e o recrutamento de docentes para desempeñar ese papel (individuos sen actividade profesional ou oficio que se forman durante anos para adquirir coñecementos e habilidades académicos, en lugar de para desempeñar un oficio, dado que probablemente a súa dedicación á docencia e á investigación é un modo de evitar desenvolver actividades profesionais para as cales carecen de vocación, interese e mesmo habilidades).

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

DEMANDA

A demanda da formación fornecida polo título mantense nos niveis dos cursos pasados e é satisfactoria segundo os valores da maioría dos indicadores. A excepción é a captación de estudantes de fóra de Galicia (do resto de España e de fóra de España), respecto á que sería conveniente analizar ás causas dos baixos valores dos indicadores.

- 1) Ao longo da serie temporal dos seis últimos cursos, e debido á evolución mostrada polos indicadores nos que se basea esta reflexión, non se tivo que reducir o número de prazas ofertadas, que se mantén en 125 (indicador IN01G).
- 2) A matrícula de novo ingreso por preinscrición amosa unha relativa volatilidade nunha serie temporal curta (só seis cursos consecutivos, con crecemento en tres deles e descenso noutros tres -indicador IN05G-), aínda que se observa unha moi lixeira tendencia ao decrecemento. Os 120 novos matriculados no primeiro curso (indicador IN04G) supoñen un incremento dun 3.45% (indicador IN05G) respecto dos 116 estudantes matriculados por primeira vez no primeiro curso da titulación no ano académico 2018-2019, e representan o segundo valor máis baixo da serie temporal de seis anos tralo valor do curso anterior. Por segundo curso consecutivo o número de matriculados está por debaixo do número de prazas ofertadas. Tendo en conta a volatilidade da serie, conclúese que o dato reflicte unha capacidade sostida da titulación de captación de novos estudantes.
- 3) Idéntica conclusión é posible inferir da taxa de ocupación (indicador IN12G): o 96.00% é o segundo valor máis baixo da serie temporal (solo superior ao 92.80% do curso 2018-2019) malia crebar a tendencia decrecente que se debuxaba nos cursos académicos anteriores. Con todo, a variación anual dos datos permite concluír que se trata dun valor satisfactorio.
- 4) A matrícula de acceso (indicador IN03G) contribúe a manter a mesma interpretación: a tendencia aparentemente decrecente do número de estudantes que se matriculan por primeira vez na titulación ao longo dos seis últimos cursos non resulta sorprendente nunha serie coa mesma característica de volatilidade relativa que se revela nas series de valores de indicadores anteriormente comentados, aínda que non se pode obviar que os 121 estudantes matriculados representan o valor máis baixo da serie temporal malia superar os 118 do curso 2018-2019.
- 5) A relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (indicador IN10G) apunta na mesma dirección de volatilidade e apenas

discernible descenso. O 76.00% representa un notable ascenso respecto do 70.40%, alcanzado no curso 2018-2019, e supón a recuperación de case a metade da considerable redución (próxima aos 13 puntos porcentuais) respecto do 83.20% dos matriculados por primeira vez que elixe a titulación como primeira opción no curso 2017-2018. Ademais, malia a tendencia descendente dos valores do indicador, o 76% de curso 2019-2020 é idéntico ao do curso 2014-2015.

- 6) A tendencia ao incremento do número total de matriculados na titulación (indicador IN02G), entre os cursos 2014-2015 e 2016-2017 invértese entre os cursos 2016-2017 e o curso 2019-2020, marcados por tres descensos consecutivos; dos 502 estudantes do curso 2016-2017 pásase a un total que 496 no curso 2017-2018, a 484 no 2018-2019 e a 467 no curso 2019-2020, que é o valor máis baixo da serie temporal dos seis últimos cursos académicos.
- 7) Aínda que non sexan completamente satisfactorios, os resultados de captación de alumnos non galegos (do resto de España e estranxeiros) non amosan tendencias de severo empeoramento, dado que se repiten curso a curso valores baixos e mesmo se debuxa una tendencia moi tenuemente crecente. O 2.57% de estudantes españois de fóra de Galicia sobre matriculados (indicador IN09G) é apenas inferior ao 2.69% do curso 2018-2019, e é a segunda porcentaxe máis alta da serie dos seis últimos cursos, por detrás da porcentaxe do curso 2018-2019. A porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (indicador IN08G), 1.50%, lixeiramente inferior ao 1.86% do curso 2018-2019, é a terceira máis alta da serie temporal. Non obstante, os valores dos dous indicadores son relativamente baixos.
- 8) 449 dos 467 estudantes matriculados (96.15%) proceden de Galicia. A porcentaxe restante distribúese entre estudantes de Brasil (un estudante), China (1), Ecuador (1), Luxemburgo (1), Venezuela (1), Aragón (1), Asturias (1), Canarias (4), Castilla y León (2), Castilla-La Mancha (2), Cataluña (1) Navarra (1) e a Comunidad Valenciana (1) (INF 16).

RESULTADOS

Aínda que os valores absolutos dos indicadores son satisfactorios, en xeral, a comparación coa media da USC revela unhas diferencias que esixen tanto estudar as causas como deseñar e executar accións de mellora en todos os cursos do grao.

- 1) O dato da taxa de rendemento (IN34G e INF 18), 80.06% (fronte ao 72.75% do curso anterior), aínda que prolonga unha tendencia ao aumento (e superaría tanto a media para a USC como para a área de ciencias sociais e xurídicas dos cursos anteriores), segue a ser inferior no curso 2019-2020 á media tanto dos graos de ciencias sociais e xurídicas (87.10%) como á media dos graos da USC (88.71%), que tamén continúan mostrando unha pauta de crecemento (de en torno aos nove puntos para os tres indicadores). Como en cursos anteriores e no resto dos graos, obsérvase unha progresión ascendente da taxa entre primeiro e terceiro, pero, a diferenza de cursos anteriores, non se detecta un sucesivo descenso en cuarto curso, manténdose a taxa no nivel de terceiro, debido probablemente ao efecto da pandemia no desenvolvemento das prácticas e á modificación da nota de corte para presentar o TFG ante titor. En todos os cursos, a taxa supera en catro puntos ou mais os valores do curso anterior. Como en cursos anteriores, o valor agregado resulta da combinación de aumentos e descensos máis ou menos pronunciados entre cursos das taxas de cada unha das materias.
- 2) O resultado da taxa de éxito (IN35G e INF 17), 90.99% (fronte ao 86.56% do curso anterior), é o valor máis alto na serie temporal dos seis últimos cursos, aínda que o valor móvese nun rango estreito (cun máximo de ese 90.99% e un mínimo de 84.58% no curso 2017-2018);

polo tanto, é valorado positivamente. Aumentan, respecto a cursos anteriores, a distancia respecto do valor medio do indicador para os graos de ciencias sociais e xurídicas (92.80%) e para os graos da USC (94.17%), dado que os valores destes dous últimos indicadores aumentan máis que o valor do indicador para a titulación. Obsérvase, tal como en cursos precedentes, unha progresión ascendente da taxa curso a curso, acadándose un 100.00% en cuarto. Os maiores saltos nesa progresión varían curso a curso: tanto entre primeiro e segundo como entre terceiro e cuarto a taxa ascende en torno aos oito puntos, pero entre segundo e terceiro ascende un pouco menos de tres. Como en cursos anteriores, o valor agregado resulta da combinación de aumentos e descenso máis ou menos pronunciados entre cursos das taxas de cada unha das materias.

- 3) O dato da taxa de avaliación (IN36G e INF 19) é do 87.99% (superior ao 83.82% do curso 2018-2019), e representa o valor mais alto da serie temporal), aínda que excesivamente por debaixo da media dos graos de ciencias sociais e xurídicas (93.86%) e dos graos da USC (94.21%), debido ao aumento dos valores destes dous indicadores en case os mesmos puntos porcentuais que o indicador para a titulación. Como en cursos anteriores, obsérvase unha progresión ascendente da taxa entre primeiro e terceiro (aínda que menos acusada que en cursos anteriores entre segundo e terceiro), cun sucesivo descenso en cuarto curso, debido probablemente en cursos anteriores á duración das prácticas e os efectos que ten esa duración na elaboración de TFG e neste curso ás alteración producidas no traballo do alumando pola situación sanitaria. Como en cursos anteriores, o valor agregado resulta da combinación de aumentos e descenso máis ou menos pronunciados entre cursos das taxas de cada unha das materias.
- 4) O dato resultante da taxa de gradación (IN37G), 42.74%, representa un lixeiro repunte fronte ao 40.00% do curso anterior, interrompendo a tendencia clara ao descenso de cursos anteriores. O dato do curso 2019-2020 é claramente negativo, aínda que se reduce a distancia, respecto a cursos anteriores, entre o valor do indicador para a titulación e os valores para a USC (58.43%, taxa similar á do curso anterior) e para os graos de ciencias sociais e xurídicas (55.57%, inferior á taxa do curso anterior).
- 5) A duración media dos estudos (IN38G), 4.53, redúcese respecto dos dous cursos anteriores (4.89 e 4.72 anos), aínda que é inferior á media da USC (5.06 anos, sen cambios respecto ao curso anterior) e case idéntica á media dos graos de ciencias sociais e xurídicas (4.75 anos). A valoración relativa é, xa que logo, positiva, aínda que o efecto que sobre este indicador pode ter a taxa de superación do TFG no cuarto curso é negativo.
- 6) A porcentaxe de alumnado matriculado en primeiro curso que non prosegue formación en cursos superiores (IN40G) é do 28.81%, que é o segundo valor mais alto da serie temporal, aumentando en 8.06 puntos porcentuais respecto ao 20.75% do curso anterior. Aínda que a taxa tamén aumenta para a media dos graos de ciencias sociais e xurídicas e para os graos en xeral da USC, ese aumento é de en torno a un punto porcentual, polo cal aumenta en gran medida a distancia entre os valores de en torno a 5 puntos ate en torno a 12 puntos. Tal incremento da taxa valórase negativamente, aínda que é moi posible que o valor do indicador sexa excepcionalmente elevado debido aos desincentivos para parte do estudiantado derivados das dificultades impostas ao seu traballo polo confinamento do segundo cuatrimestre.
- 7) O dato de taxa de abandono (IN41G) increméntase lixeiramente, cun valor de 34.19%, respecto ao curso 2018-2019 (33.33%), é o segundo valor máis alto da serie dos seis últimos cursos e sitúase moi por riba da media da USC (23.01%) e da media dos graos de ciencias sociais e xurídicas (26.83%). É valorado negativamente pola Comisión e, previa análise, podería estimular un redeseño do primeiro curso nunha posible modificación do plan.

- 8) A taxa de éxito dos egresados (IN50G), 89.44%, supón un aumento notable respecto do 84.22% do curso pasado e o segundo incremento consecutivo, aproximándose a valores dos cursos 2015-2016 e 2016-2017, nos que superaba o 90%. O valor parece aceptable, aínda que parece aconsellable acadar taxas mais altas e, a falta dunha serie temporal máis extensa e dun estudo en profundidade das causas, non se pode concluír nada máis que sexa relevante.
- 9) A taxa de idoneidade (IN51G) experimenta un lixeiro repunte, cun valor de 28.21% (fronte ao 25.00% do curso anterior), aínda que é o segundo valor mais baixo da serie temporal e consolida unha caída moi intensa dende o 40.16% dun curso moi recente, 2015-2016. Trátase dun resultado negativo que require dunha análise das súas causas e da posta en práctica de medidas para inverter a tendencia.
- 10) O aumento da taxa de eficiencia (IN53G) de 84.13% a 89.42%, acadando así o valor mais alto da serie temporal, valórase positivamente.

A Enquisa de satisfacción de egresados/as (2018/2019) (INF 09) proporciona as percepcións dos egresados respecto dos resultados da súa formación. Como ocorre con outras enquisas a colectivos implicados no desenvolvemento da formación no grado, a taxa de resposta impide establecer con certeza como pautas ou tendencias os resultados expostos a continuación.

- 1) A satisfacción coa formación teórica recibida (3.75) é relativamente aceptable, tanto comparándoa coa satisfacción en cursos anteriores (ascende respecto ao 3.40 do curso anterior) como coa satisfacción media nos graos da USC (3.73). O mesmo ocorre coa satisfacción coa formación práctica recibida (3.25), pois aumenta fronte á puntuación de curso anterior (2.80) e vólvese a superar a satisfacción media nos graos da USC (2.66).
- 2) En canto a aspectos específicos da formación, en tres dos catro ítems se supera a puntuación media dos graos da USC; a puntuación mínima, de 2.75, é atribuída á creatividade e a máxima á capacidade de análise, con 4.00. O traballo en equipo puntúase con 3.25 (inferior ao 3.36 de media para os grados da USC) e a capacidade de planificación, coordinación e organización con 3.75. Estas puntuacións, aínda que mellorables, valóranse positivamente.

Entre os estudantes entrantes en programas de mobilidade (INF 05, curso 2018-2019), puntúase con só 3.00 tanto a calidade dos profesores como a calidade da formación recibida, fronte ao 3.82 coa que se puntúan de media ambos aspectos nos graos da USC.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Tendo en conta que a información relativa á satisfacción dos colectivos implicados no desenvolvemento da docencia no grado foi usada na argumentación de apartados anteriores, ocupando a súa análise detallada neles unha boa cantidade de páxinas, sería redundante e ineficiente reproducir neste punto canto se pode consultar naqueles apartados.

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.

- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As variables e indicadores de Seguridade Social da análise transversal SIIU mostran unha evolución satisfactoria dalgúns resultados entre os estudantes da cohorte de egresados do curso 2013-2014. A taxa de afiliación á SS pasa dun 17.0% un ano logo de egresar (23 de Marzo de 2015) a 41.5% dous anos despois e a 56.6% tres e catro anos despois.

As porcentaxes de traballadores indefinidos e de autónomos varían con tendencias opostas: mentres que aumenta a porcentaxe da primeira clase de traballadores (dun a catro anos tras egresar, a secuencia de valores é 40.0%, 46.7%, 43.5% e 66.7%), diminúe a porcentaxe de traballadores da segunda clase (11.1%, 9.1%, 6.7% e 6.7%).

Rexístranse altibaixos, en cambio, na evolución da porcentaxe de cotizantes no grupo "Titulados": a secuencia dos catro anos posteriores mostra os valores 22.2%, 40.9%, 26.7% e 30.0%.

Dos catro estudantes egresados no curso 2018-2019 que responden á enquisa de satisfacción de egresados (INF 09), ningún traballa e só un buscou traballo relacionado coa titulación (fano o 53.64% dos graduados da USC): tres estudian un mestrado (un deles na USC) e un prepara oposicións; a variedade de situacións e as porcentaxes correspondentes son tan distintas para a media da USC que non ten sentido comparar nada. Aínda que ningún declara traballar, aparece unha media de 3.00 (3.55 de media, na USC) como puntuación da relación do traballo coa titulación. A utilidade da titulación para o mercado laboral recibe unha puntuación media de 3.75 (3.67 de media na USC).

En termos comparativos, é dicir, empregando varios grupos posibles de referencia (ciencias sociais e xurídicas en cada unha das tres universidades galegas, ciencias sociais e xurídicas no SUG, todos os graos no SUG), para valorar as puntuacións en indicadores de inserción laboral dos egresados do grao do estudo AGSUG 2012-2014, os resultados son, en xeral, satisfactorios, como confirma a síntese que se expón a continuación.

No momento da enquisa, a porcentaxe de egresados do grao (en diante, GCPA) que traballaba (81.82%) era superior ás porcentaxes de graduados con traballo entre os graduados en ciencias sociais e xurídicas nas tres universidades galegas (sobre todo, a USC, cuxo porcentaxe se reduce ao 67.87%) e no SUG, así como entre os graduados do SUG, en xeral.

A porcentaxe de egresados do GCPA que buscan traballo relacionado coa titulación é inferior ao de egresados doutros graos en todos os grupos de referencia: 54.55%, mentres que en ciencia sociais e xurídicas en todos os grupos de referencia supérase o 60%, e no o SUG en conxunto chégase ao 73.92%.

A porcentaxe de egresados de GCPA que atopa un emprego relacionado coa súa titulación tamén é inferior ás porcentaxes que se rexistran en todos os grupos de referencia (aínda cando é necesario ser cautos ao avaliar os números, posto que, proporcionando o grao unha formación esencialmente xeneralista e non vinculada a profesións reguladas específicas, a dificultade de valorar a relación dos empregos coa titulación é considerable e non o é menos, por iso, a de atopar un traballo inequivocamente relacionado coa titulación): 41.67%, mentres que se supera ou se bordea o 60% nos grupos de referencia de ciencias sociais e xurídicas e alcánzase o 72.29% no SUG en conxunto.

Coa mesma cautela que se introducía no parágrafo anterior hai que interpretar as comparativamente reducidas porcentaxes de quen atopan un traballo relacionado coa súa profesión: é notablemente inferior ao 22.73% entre os egresados do GCPA que as porcentaxes para os grupos de referencia de ciencias sociais e xurídicas (superiores ao 35%) e para o SUG en conxunto (39.93%).

A mesma cautela aplícase á interpretación da media (en número de meses) que se tarda en atopar un emprego relacionado coa titulación: 13.80 entre os egresados do GCPA, fronte a 11.13 para ciencias sociais e xurídicas no SUG e 10.42 para o SUG en conxunto.

Quizá porque a porcentaxe de egresados do GCPA que traballan supera as porcentaxes doutros graduados que o fan, é inferior a porcentaxe de egresados do GCPA que preparan oposicións no momento da entrevista: só un 13.64% fronte ao 29.02% entre os egresados de ciencias sociais e xurídicas do SUG e 25.18% entre os egresados do SUG en conxunto. En cambio, é lixeiramente superior a porcentaxe de egresados do GCPA que cursan estudos universitarios que as porcentaxes nos grupos de referencia de ciencias sociais e xurídicas, pero inferior á porcentaxe para o conxunto do SUG.

En canto ao lugar de traballo, son interesantes as porcentaxes de egresados que traballan fóra de Galicia, que son susceptibles de varias interpretacións: entre outras, como nivel de expulsión de capital humano ou como nivel de capacitación do capital humano. Aínda que no resto de España traballa unha porcentaxe de egresados do GCPA lixeiramente inferior ás porcentaxes tanto de egresados de ciencias sociais e xurídicas do SUG como do SUG en conxunto (16.67%, fronte a, respectivamente, 19.65% e 17.01%), a porcentaxe de egresados do GCPA que traballan no resto da UE supera en gran medida as porcentaxes de todos os grupos de referencia: 22.22% fronte a menos do 2.5% para todos os grupos de referencia.

É superior ás porcentaxes que rexistran os grupos de referencia a porcentaxe de traballadores por conta allea entre os egresados do GCPA: entre estes alcanza ata un 94.44%, mentres non chega ao 80% entre os graduados en ciencias sociais e xurídicas de calquera dos grupos de referencia, e quédase no 90.31% no conxunto do SUG.

Máis preocupante é que en todos os grupos de referencia son superiores as porcentaxes de egresados que traballan cun contrato indefinido: fronte ao 46.42% para os egresados de ciencias sociais e xurídicas do SUG, e o 41.38% para os egresados do SUG en conxunto, entre os egresados do GCPA a porcentaxe quédase nun 29.41%.

As diferenzas entre os salarios medios mensuais son menores: a media entre os egresados do GCPA (1222.22) supera á media dos egresados de ciencias sociais e xurídicas do SUG (1145.05) e é lixeiramente inferior á media dos egresados do SUG en conxunto (1231.02).

Tampouco hai diferenzas notables nas porcentaxes de egresados que desenvolven funcións de nivel universitario: 77.78% entre os egresados do GCPA, fronte a 77.95% entre os egresados de ciencias sociais e xurídicas do SUG, 79.38% entre os egresados do SUG en conxunto.

Lembrando a cautela que se mencionaba parágrafos atrás, a magnitude das diferenzas nas porcentaxes de egresados que desenvolven no traballo funcións específicas da titulación é considerable: un 42.86% entre os egresados no GCPA, fronte a 78.63% entre os egresados de ciencias sociais e xurídicas do SUG, e 84.45% entre os egresados do SUG en xeral.

En síntese, o único aspecto preocupante da inserción laboral que revela a comparación con varios grupos de referencia é a vinculación dos traballos atopados e das funcións desempeñadas coa formación adquirida na titulación. Malia que os resultados analizados son coherentes coas valoracións que fan os estudantes respecto da conexión entre as actividades que realizan durante as súas prácticas e a formación recibida na carreira, é necesario considerar, como se indicou, a natureza xeneralista da formación que proporciona o título e a súa falta de conexión con profesións reguladas específicas. Namentres, e aínda tendo en conta tal reserva, sería conveniente profundar na análise das causas das diferenzas tan notables achadas nesta síntese de resultados.

3.MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS	
MODIFICACIÓ	XUSTIFICACIÓ
<p>ModificacIóns potenciais que suxiren algúns dos indicadores e evidencias considerados son as seguintes:</p> <p>1) Duración das prácticas externas</p> <p>2) Número de créditos de TFG</p> <p>3) Secuenciación de materias entre cursos</p>	<p>1) Tanto a experiencia do alumnado participante no programa de prácticas como a dos titores académicos e externos suxire un exceso de duración das prácticas, que se manifesta en tres sentidos: (a) a dificultade por parte das institucións e organizacións receptoras de dotar dun contido significativo a tantas horas de prácticas; (b) a dificultade de axuste do calendario de prácticas sen interferir no normal desenvolvemento do traballo académico do alumnado durante o cuarto curso; e (c) a dificultade de xerar un número suficiente de convenios para que participe todo o alumnado nunhas prácticas de tanta duración, dificultade que se reduciría se as prácticas durasen menos, de tal xeito que mais estudantes poderían participar nesas condicións.</p> <p>2) Tendo en conta os contidos das materias que preceden á elaboración e presentación do TFG, é posible que se necesite axustar a modalidade ou o contido de TFG esixido no cuarto curso e, xa que logo, o número de créditos asignados á nova modalidade ou ao novo contido.</p> <p>3) Conviría repensar se materias como Métodos en ciencia política deberían retrasarse un ou máis cursos, sucedendo na secuencia a materias como Estatística I e II ou Ciencia Política I e II, acercándose, ademais, a cuarto curso, e reforzando así o seu papel instrumental para a elaboración do TFG. Tamén conviría repensar se as materias “analíticas”, como Ciencia Política I e II, deberían preceder (como na actualidade) a materias “descritivas”, como Sistema Político Español, ou, pola contra, sucedelas na secuencia de materias, como considera máis acaído parte do profesorado.</p>

4. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES			
Critérios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Web do Título
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	Enlace web ou PDF
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Enlace web ou PDF(a facer pola UAXCD)
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2500193_P.Ind_2019-2020
			2500193_INF.16_2019-2020
			2500193_INF.CiUG_2019-2020
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	--
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2500193_P.Ind_2019-2020
			5014_INF.03_2019-2020
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	Web da USC
			Web do Centro
			Web do Título

3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Web do Centro
3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	Web do Centro
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Web do Centro
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7 Actas o informes
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2500193_P.Ind_2019-2020
			2500193_INF.04_2019-2020
			5014_INF.05_2019-2020
			2500193_INF.06_2019-2020
			2500193_INF.07_2019-2020
			2500193_INF.08_2019-2020
			2500193_INF.09_2019-2020
			5014_INF.10_2019-2020
			5014_INF.11_2019-2020
			2500193_INF.13_2019-2020
			2500193_INF.14_2019-2020
			5014_INF.21_2019-2020
			2500193_INF.22_2019-2020
			2500193_INF.23_2019-2020
2500193_Informe_de_indicadores_2019-2020			
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2500193_P.Ind_2019-2020
			2500193_Informe_de_indicadores_2019-2020

4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	2500193_E15_2019-2020
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5014_E16_2019-2020
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Autoinforme, Criterio 4 Actas e informes
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5014_I6-I7_2019-2020
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5014_I6-I7_2019-2020
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	2500193_INF.13_2019-2020
			2500193_INF.14_2019-2020
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5014_I10_2019-2020
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Web do Centro
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	Web do Centro
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Enlace web ou PDF
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	Enlace web ou PDF
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus Virtual
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	Enlace web ou PDF
6	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	2500193_INF.15_2019-2020
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6 Actas o informes
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título	Autoinforme, Criterio 7 Actas o informes

		(incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimient - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2500193_P.Ind_2019-2020
			2500193_INF.17_2019-2020
			2500193_INF.18_2019-2020
			2500193_INF.19_2019-2020
			2500193_INF_SIIU_2019-2020
			2500193_Informe_de_indicadores_2019-2020
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2500193_P.Ind_2019-2020
			2500193_INF.CIUG_2019-2020
			2500193_Informe_de_indicadores_2019-2020
7	I14	Resultados de inserción laboral	2500193_EIL-SIIU_2019-2020 2500193_EIL-ACSUG_2019-2020
1,4,5	I15	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,....)	2500193_P.Ind_2019-2020 2500193_Informe_de_indicadores_2019-2020 2500193_MedUSC_2019-2020

ACCION DE MELLORA	
Código	AM-1 (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Detección de anomalías do deseño da oferta formativa en diversos cursos /Impacto da Covid-19 no proceso formativo
Definición/ descripción proposta	Analizar a organización do proceso formativo e a viabilidade da introdución de cambios no deseño curricular e nas ferramentas de apoio ao ensino.
Datas	Finalización: 31/06/2021; Inicio: 1/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Miguel Caínzos López
Tarefa 1	AM-1.1
Descrición tarefa	Exploración da viabilidade da introdución de modificacións no plan de estudos
Data prevista de finalización	31/06/2021
Responsable	Miguel Ángel Caínzos López
Estado	Activa
Tarefa 2	AM-1.2
Descrición tarefa	Adaptacións de horarios ás condicións de desenvolvemento do ensino no contexto da Covid-19
Data prevista de finalización	31/01/2021
Responsable	Miguel Caínzos López
Estado	Finalizada

Tarefa 3	AM-1.3
Descrición tarefa	Redistribución dos grupos expositivos e interactivos ante o escenario provocado pola Covid-19
Data prevista de finalización	31/01/2021
Responsable	Miguel Ángel Caínzos López
Estado	Finalizada
Tarefa 4	AM-1.4
Descrición tarefa	Redeseño do equipo de coordinación dos programas de intercambio e intensificación dos labores informativos
Data prevista de finalización	31/03/2021
Responsable	Irene Rodríguez Manzano
Estado	Finalizada

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-2 (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 2 - Información e transparencia
Análise causa	Deficiencias na información fornecida polo centro sobre actividade extra-académica
Definición/ descripción proposta	Perfeccionar a información e comunicación
Datas	Finalización: 30/06/2021; Inicio: 01/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Irene Rodríguez Manzano
Tarefa1	AM-2.1
Descrición tarefa	Mellorar a presenza do grao nas redes sociais
Data prevista de finalización	30/06/2021
Responsable	Irene Rodríguez Manzano
Estado	Activa
Tarefa2	AM-2.2
Descrición tarefa	Intensificar as accións informativas sobre o título destinadas ao alumnado de ensino medio e incrementar os efectivos implicados
Data prevista de finalización	30/06/2021
Responsable	Irene Rodríguez Manzano
Estado	Activa

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-3 (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
Análise causa	Tarefas pendentes no desenvolvemento do SGIC do Centro
Definición/ descrición proposta	Mellorar a xestión do sistema de calidade do Centro
Datas	Finalización: 15/06/2021; Inicio: 01/09/2021
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Miguel Ángel Caínzos López
Tarefa1	AM-3.1
Descrición tarefa	Elaborar un regulamento de réxime interno para o Centro
Data prevista de finalización	30/06/2021
Responsable	Miguel Ángel Caínzos López
Estado	Activa
Tarefa2	AM-3.2
Descrición tarefa	Elaborar un plan estratéxico
Data prevista de finalización	31/01/2021
Responsable	Ramón Bouzas Lorenzo
Estado	Finalizado

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-4 (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	Detección de deficiencias estruturais; obsolescencia de equipamentos; impacto da Covid19 no proceso formativo e escaseza de equipamento necesario para escenarios que requiran teletraballo e teledocencia
Definición/ descripción proposta	Renovar equipamentos; planificar a adquisición de equipamento de reforzo dixital
Datas	Finalización: 31/03/2021; Inicio: 01/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Ramón Bouzas Lorenzo
Tarefa1	AM-4.1
Descrición tarefa	Estudar o aforo dispoñible nas aulas tras a aplicación de medidas de distanciamento social en previsión do inicio do curso 20-21 así como as opcións de seguimento das clases nun escenario de distanciamento social
Data prevista de finalización	07/09/2020
Responsable	Ramón Bouzas Lorenzo
Estado	Finalizada
Tarefa2	AM-4.2
Descrición tarefa	Completar a instalación de tomas eléctricas para equipamento portátil do alumnado nos espazos pendentes do centro
Data prevista de	31/01/2021

finalización	
Responsable	Ester Filgueira López
Estado	Finalizada
Tarefa3	AM-4.3
Descrición tarefa	Continuar coas obras de illamento térmico en despachos do PDI no primeiro andar
Data prevista de finalización	31/07/2021
Responsable	Ester Filgueira López
Estado	Activa
Tarefa4	AM-4.4
Descrición tarefa	Planificar a adquisición de material informático e audiovisual en previsión dun impacto prolongado da Covid19
Data prevista de finalización	31/01/2021
Responsable	Ester Filgueira López
Estado	Finalizada

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-4 (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 7 - INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO
Análise causa	Obsolescencia do estudo interno de inserción laboral
Definición/ descripción proposta	Actualizar o estudo de inserción laboral do Grao
Datas	Finalización: 31/07/2021; Inicio: 01/03/2021
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Celestino García Arias
Tarefa1	AM-4.1
Descrición tarefa	Realizar un novo estudo interno de inserción laboral do grao
Data prevista de finalización	31/07/2021
Responsable	Celestino García Arias
Estado	Activa